


PROXECTO XEA-CLÍO

Xeografía de España

Os territorios de España dende a autonomía local á U.E.



Antonio Lorenzo Bugallo
José Ignacio Madalena Calvo
María Jesús Mansilla Lorente
Xosé M. Souto González (coord.)



XERAIS



PROXECTO XEA-CLÍO

Xeografía de España

Os territorios de España dende a autonomía local á U.E.



Antonio Lorenzo Bugallo
José Ignacio Madalena Calvo
María Jesús Mansilla Lorente
Coord.: Xosé M. Souto González

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



Maquetación:

Ramón Domínguez

Capa:

Miguel Vigo

© Antonio Lorenzo Bugallo, José Ignacio Madalena Calvo,
María Jesús Mansilla Lorente, Xosé Manuel Souto González (coord.), 2000

© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2000
Dr. Marañón, 12. 36211 VIGO

ISBN: 84-8302-489-6

Depósito Legal: VG. 99-2000
Printed in Spain
Impreso en Gráficas Numen
Velázquez Moreno, 16
36201 Vigo

Agradecemos á editorial Nau Llibres as facilidades proporcionadas para realizar esta edición galega.
Este caderno é a versión galega do proxecto Xea-Clío
do que é propiedade, na súa versión orixinal castelán, a editorial Nau Llibres.

Reservados todos los derechos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución,
plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica,
ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada
a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

	Páx.
PRIMEIRA PARTE. COÑECENDO O TERRITORIO	5
1. INTRODUCCIÓN XERAL	5
2. COÑECENDO UN TERRITORIO CONCRETO: ESPAÑA	9
3. A ORGANIZACIÓN XEOPOLÍTICA DE ESPAÑA	14
SEGUNDA PARTE. AS FRONTEIRAS E O CONSENSO TERRITORIAL	17
4. AS FRONTEIRAS NO ANTIGO RÉXIME	18
5. OS CRITERIOS DA DIVISIÓN PROVINCIAL	22
6. A CREBA DOS ACORDOS POLÍTICOS: A GUERRA CIVIL	29
7. AS FRONTEIRAS XEOPOLÍTICAS NA ACTUALIDADE	32
8. OS EIDOS DA AUTONOMÍA POLÍTICO-ADMINISTRATIVA	43
9. OUTROS MODELOS DE ORGANIZACIÓN TERRITORIAL	53
10. A EXPANSIÓN E INTEGRACIÓN NOUTROS ÁMBITOS TERRITORIAIS	58
TERCEIRA PARTE. FACEMOS UNHA SÍNTESE FINAL	64
11. A U.E. E A NOVA ORDE DO MERCADO MULTINACIONAL	64

Iniciamos unha unidade didáctica que trata sobre a organización do territorio español. Pero para poder coñecer estas cuestións cómpre, en primeiro lugar, preguntármonos que é España, para nós e para outras persoas, e que cousas coñecemos en relación á organización de provincias e comunidades autónomas, dous dos elementos fundamentais da nosa organización territorial.

Ideas sobre a territorialidade e España

Documento 1

McBride analiza unha serie de pautas territoriais no mundo animal, e en todas elas aparece dunha maneira clara o carácter circunstancial do comportamento territorial, determinado ben por situacións estacionais ou por unha diferenciación efectiva do propio territorio. Algúns animais acoutan estacionalmente unha área ou áreas que defenden contra calquera intrusismo. Outros fixan o territorio a partir dun punto, por exemplo, o niño, e a intensidade da defensa diminúe coa distancia. Algúns cinguen o territorio de defensa a unha esfera persoal, mentres que outros lugares do territorio (os chamados *home range*) non son obxecto de loita. Os animais gregarios manteñen dentro do grupo unha especie de campo persoal: cada individuo procura que ninguén traspase os seus lindeiros, mentres pon bo coidado de non penetrar no campo persoal do veciño. A diferenza da esfera persoal, propia de animais solitarios, o campo persoal non ten o mesmo radio en tódalas direccións, senón que xeralmente se amplía máis pola parte frontal.

Estas variacións de actitude respecto do territorio, propias da maioría das especies territoriais, son sumamente complicadas no ser humano. Isto débese non só á maior complexidade da vida social humana, en relación coa doutros animais, senón tamén á forma peculiar da especie humana de exercer-los dereitos sobre un territorio. A vida social é sobre todo normatividade: as relacións que se establecen entre os membros do grupo (referímonos ós grupos humanos) están rexidas por unhas pautas aprendidas, que se distancian dos patróns fixos de acción propias do mundo animal.

José Luís García García: *Antropología del territorio*, Taller J. B., Madrid, 1976 páxs. 75-76

Documento 2

XIBRALTAR E OLIVENÇA

A ofensiva do goberno Aznar pola soberanía de Xibraltar, dentro do proceso de construción da U.E., ten o valor dun alegato contra a ocupación española da portuguesa Olivença. Este territorio foi ocupado pola forza por tropas españolas ó mando de Godoy nunha campaña militar coñecida como a *Guerra das Laranxas* (1799), e anexionado a Badaxoz dende 1801. Non obstante, os compromisos do Tratado de París (1814) e do Congreso de Viena (1815), recollen o dereito de Portugal a que lle sexa restituído este territorio; pero aínda así, os distintos gobernos españois néganse a consuma-la devolución dende aquela.

En cambio, para a colonia británica de Xibraltar en territorio español, España vén de ofrecerlles ós británicos un réxime xurídico e económico especial, a protección da lingua e a cultura, o dereito á dobre nacionalidade... Iso, malia non reconece-lo dereito á autodeterminación da colonia, pois daquela era parte integrante de España e dela foron expulsados os españois que a habitaban ó establecerse unha base militar.

¿Estaría disposto o Goberno español a aceptar algo semellante con Olivença respecto a Portugal? Está por ver. Fontes de información portuguesas argumentan que mentres no caso de Xibraltar non hai ningún tratado de devolución, no de Olivença hai dous sucesivos que reconecen a soberanía do país luso.

Reelaborado de *A Nosa Terra*, 24-XII-97

INTRODUCCIÓN XERAL

Os textos anteriores amosáronnos unha das cuestións básicas do ser humano: o seu comportamento territorial, mediatizado por unhas normas específicas. Un dos adxectivos que máis comunmente se emprega para definir unha persoa é o xentilicio: *galego, español andaluz, catalán, sueco, alemán*. Isto está condicionado polo marco territorial que ocupa o individuo a maior parte do tempo da súa vida. Se o noso obxectivo é estudar Xeografía de España, imos deternos primeiramente na análise deste marco espacial, procurando razoal que factores normativos condicionan o noso comportamento. ¿Como podemos observar España? A Xeografía valeuse tradicionalmente da Cartografía para representa-lo espacio, os mapas son elementos indispensables en calquera estudio de Xeografía. Hoxe, gracias ós avances tecnolóxicos posuímos imaxes aéreas e de satélite que nos ofrecen novas perspectivas de España. Pero, ¿que é España?

En grande medida, España é o resultado do coñecemento que teñen do seu territorio e da súa poboación os que nela viven. Vexamos, a continuación, algúns documentos que nos ofrecen distintas opinións sobre España.

Opinións sobre España

Documentos 3, 4, 5

Carlos Sainz,
*Campión do mundo
de rallies*

Para min, España nos últimos tempos converteuse nun desexo, nun desexo de pisa-lo seu chan e poder gozar de todo o bo que ten o noso país. Todas esas cousas que non valoras na súa medida cando vives aquí, pero eu soamente podo estar na miña casa pouco menos dun mes ó ano e cada día teño morriña desas comidas, dese sol, dese mar Mediterráneo, desa simpatía dos españois e moitas cousas máis. Viaxo por todo o mundo e podo dicir con fachenda que España está de moda. Se hai anos a España tñana por África, agora é o sur de Europa e moita xente fala ou está aprendendo español, outra moita desexa vir se non o fixo antes e, en definitiva, a imaxe de España está en alza e agardamos que co esforzo de todos e dentro de pouco tempo, España remate as súas obras e se poida medir en tódolos sentidos co resto dos países europeos que despegaron hai xa ben tempo.

**Paloma
San Basilio,**
Cantante

España limita ó norte consigo mesma, ó sur co estreito, o penedo, a area do deserto e o pranto de Boabdil. Ó leste coa historia, o Mare Nostrum, e toda a mitoloxía de ser distinta, e ó oeste coa liberdade, a cana do azucre e un soño que soñou Colón e que se chama América. España tenta non deixarse turrar de cada punta, sobrevivir coa súa especial torre de babel, convivir, compartirse e coñecerse malia a súa heteroxeneidade e de darse as costas tantas veces. Quérese e aborrecese, devórase e tróusase, déixase engaiolar por ela mesma e ponse os cornos coa mesma facilidade á primeira de cambio e co último que chega e a piropea, acredita en todo anque presume de escepticismo. Ás veces espértase arrecendendo a xasmíns, reluciente co primeiro sol, nova e valente coma se o día lle pertencesse en exclusiva, e bótase á rúa disposta a botar o sol ó lombo. A vida esváeselle polos ollos, a forza pola boca, e a imaxinación víraselle arte cada vez que ten que defenderse de algo ou conquistar a alguén. Cando chega a noite, muda, saca das entrañas o seu amor bruxo, os seus pesadelos, as súas vellas teimosías e contradicións e déitase avellentada, cansa, sen remedio, sabendo que ó día seguinte volverá a tentalo de novo. A España ás veces góstalle ser mellor, semellarse un pouco a ese país que sempre sae pola tele e no que non é fácil cambiar cando se teñen tantas raigames. Sabe tamén que é querida como tal é, disparatada, insatisfeita, máxica, e que ó final se lle perdoa todo. Sabe que nunca se lle caerá a cara de vergoña faga o que faga, ó mellor porque non a ten ou a perdeu o día que comezou a espirse para ollarse no espello e se gustou. España é... o que somos nós, o que queremos que sexa, e será aquilo no que sexamos capaces de convertela cando, de verdade, sen medo, collámo-lo touro da súa pel e a súa apatía polos cornos e sexamos conscientes de que leva moito tempo no mapa e non soamente na clase de xeografía.

(Crónica de España. Apéndice VIII) Diario 16



**Manuel
Tuñón de Lara**

*Catedrático de Historia
da Universidade
do País Vasco*

O meu primeiro impulso é responder evocando, sen asomo de ironía, aquel lema nada malintencionado da propaganda fiscal, «Facenda somos todos». Naturalmente. ¡España somos todos! ¿E logo que pensaban?

Coido que este concepto está dotado da súa boa dose de ambigüidade e plurivalencia. Porque a definición que se pide leva aparelhada, inevitablemente unha boa carga de emotividade. É, pois, unha España un tanto subxectiva, a de cada un.

Cando, como é o meu caso, se viviu decenios arredado forzosamente –pola vía coactiva– do que eu chamo España, cando se estivo lonxe deste «frito prohibido», apréciase e quéreselle máis. Un día, cando pisei a terra de Irún sentín que respiraba mellor (e espero que os meus amigos vascos comprendan a localización xeográfica, sen outra carga que a da lembranza dunha vivencia que dá idea dos mecanismos emotivos que funcionan nestes casos).

Pero vaíamos máis aló do subxectivo; tentemos sinalalo que, ó meu bo entender, son algunhas evidencias. Non cabe dúbida de que España é unha realidade xurídico-política, dentro do tipo de democracia parlamentaria e social moi encaixada nas correntes iuspolíticas da segunda posguerra mundial. En definición máis clásica trátase dun poder institucionalizado autolimitado pola súa propia norma de dereito, cun mercado unificado (e agora en vías de integración noutro de tipo superior, o europeo); é un Estado que pode aglutinar nacionalidades e rexións, segundo os seus feitos diferenciais e con altas cotas de autogoberno, non con obxecto de erguer novas barreiras fronteirizas, senón de contribuir á construción de grandes espazos –económicos, culturais e sociopolíticos– cada vez máis necesarios (casos tanxibles como a integración en Europa de cara ó século XXI). España é unha unidade artellada de servicios (comunicacións, transportes, educación, Seguridade Social, produción de enerxía, sistema monetario e de crédito, medios de comunicación escritos e audiovisuais) encamiñados á cooperación sen trabas e á solidariedade de tódolos homes e os pobos.

E non rematamos, porque, noutra óptica, España é tamén unha imaxe poética e literaria. Sempre acreditei naquel poema de «España, paixón de vida», de Eugenio de Nora, no que di: «Vinte séculos non te remataron de facer»; e nese que Gabriel Celaya se «Sente un enxeñeiro e un obreiro que traballa con outros a España nos seus aceiros».

Na súa proxección histórica, o concepto de España como nación foi moi discutido a mediados do século XIX, e manifestouse en dous sentidos: un

o que oíla cara ó pasado na procura de argumentos para lexitimar e conserva-la orde de cousas existentes (recurso ós Reis Católicos, a Otumba, Lepanto, o Dous de Maio e o «Máis vale honra sen barcos que barcos sen honra»). A mesma *Historia xeral de España* de Modesto Lafuente é boa proba desta orientación. A outra, a que está pensada ollando cara ó porvir, é a dos federais e progresistas da mesma época. O profesor Javier Zamora cita como exemplo desta concepción a dos republicanos federais no seu proxecto constitucional: «Nación española como unidade integrada por un conxunto de Estados (ou de Cantóns) historicamente definidos, ligados entre si por un forte vencello federal».

Todo e todos somos España; os nenos que están xogando na escola e os vellos que están á raxeira no parque; os traballadores que cultivan as laranxeiras e os que funden o aceiro nos altos fornos, os mecánicos que conducen as locomotoras e as telefonistas que fan posible as comunicacións dunha parte a outra de España, dende Fisteria deica o cabo de Gata, os mariñeiros que volven ós seus portos coas embarcacións atezgadas de pesca. Todo isto e moito máis é España.

Se esta é, como dicía Renan en termos xerais, e subliñaba Ortega para España, «un plebiscito cotián», lembremos que tamén debe saberse que o simple desexo de que unha porcentaxe minoritaria de cidadáns dunha comunidade con evidentes sinais de identidade sexan partidarios dunha secesión, non lles confire ningún dereito para reclamar pola vía da violencia un cambio de status xurídico conforme ós seus desexos e aspiracións.

Pero por outra banda, a idea e o sentimento de España non poden converterse en pedra arrebolada contra ninguén, como cando se invocou repetidamente tres veces, brazo en alto degradándoa á categoría de esperpento. Coido que a experiencia da nosa historia é, sobre todo, a do século XX ensinanos que ningún proxecto pode tan sequera imaxinarse a base de «botar un millón de españois ós lobos», como diría Ganivet, ou máis aínda, como desgraciadamente ocorreu despois.

Coido que todo o que cinei é España, entendida tanto na súa realidade obxectiva como na plural subxectividade dos españois; digamos, se vostedes o prefiren, as Españas, pero sen que unha paixón excesiva por ela poida xerar odios e xenxeiras. España, as súas comunidades autónomas e os españois poden afirma-la súa identidade sen necesidade de excluir ninguén nin de apartarse da conciencia democrática.

(*Crónica de España. Apéndice VIII*) Diario 16

¡ESPAÑA
SOMOS
TODOS!

1

Facede un breve comentario no que sinaléde-los elementos e argumentos que empregaron estas persoas para explicar España.

INTRODUCCIÓN XERAL

2

Elaborade un informe onde aclaredes que é España para vós e en que se diferencia a vosa opinión da analizada anteriormente.



Ademais das opinións e ideas das persoas que viven neste lugar, España tamén é un territorio, como podes ver nas seguintes imaxes:

Imaxe de satélite da Península


Figura 1



COÑECENDO UN TERRITORIO CONCRETO: ESPAÑA

Mapa Físico


Figura 2



COÑECENDO UN TERRITORIO CONCRETO: ESPAÑA

Mapa Político

Figura 3



COÑECENDO UN TERRITORIO CONCRETO: ESPAÑA

3

Describe cada unha das tres imaxes. Para iso podes agrupa-los elementos que observaches de tal xeito que poidas diferenciar unidades espaciais (topográficas, políticas, económicas, hidrográficas).

4

Explicade, en equipo, que factores determinan esta clasificación.



Traballo con itinerarios

Tradicionalmente o ser humano viaxou na procura de novas formas de vida, que asegurasen o seu sustento, a súa forza política ou militar. Con tal finalidade trasladouse a lugares afastados. Ás terras galegas chegaron os romanos e logo os suevos.

Dende a Idade Media chegan peregrinos a Galicia percorrendo o camiño de Santiago.

5

Imaxina que es un peregrino do século XII que se atopa do outro lado dos Pireneos e quere chegar a Santiago, ¿que camiño seguirías? ¿Que dificultades haberías de salvar ata chegar ó teu destino?

6

Proxectamos a continuación outros itinerarios. Deberás indicar que percorrido realizas entre os puntos de orixe e destino e cales son as dificultades orográficas e hidrográficas que atopas.

COÑECENDO UN TERRITORIO CONCRETO: ESPAÑA

a) Imos viaxar de Santiago a Cádiz ¿Que medios podemos utilizar para realizar esta viaxe? Caso de ir en coche propio sinala que montañas e ríos imos ter que atravesar.

b) Agora queremos ir en tren dende Pontevedra a Tarragona. Indica os vales fluviais que percorremos. Cita as principais estacións.

c) Queremos programar unha viaxe entre Oporto e Alacante. Indica que dous vales fluviais podemos seguir nos nosos itinerarios alternativos. Debes sinalar tamén os obstáculos montañosos que vas atopar.

7

Realiza o itinerario que habitualmente segues cando vas pasa-las vacacións do verán (procura que haxa máis de cen quilómetros).

Estudiamos algunhas cuestións referidas a esas liñas que se pintan nos mapas, como é o caso do mapa de España, e que coñecemos co nome de FRONTEIRAS. Vimos como algunhas destas servirían para diferenciar España doutros conxuntos xeopolíticos. Agora pretendemos analizar outras liñas que organizan interiormente España.

8

Observa os dous mapas que che presentamos:

¿Que relacións podes establecer entre eles? ¿Como e por que estableces estas relacións?



¿Cal das dúas divisións do territorio é a máis antiga?

División provincial

Figura 4

División autonómica

Figura 5



9

Pon o nome das diferentes unidades político-administrativas que aparecen nos mapas.

a) ¿Coincide nalgún caso o nome das unidades político-administrativas dos dous mapas?

A ORGANIZACIÓN XEOPOLÍTICA DE ESPAÑA

b) Escribe o nome de tódalas entidades territoriais que coñezas.

c) Subliña o nome daquelas que consideres máis importantes.

10

Das dúas divisións que che presentamos, ¿cal é a que mellor garda as proporcións entre as súas partes?

11

¿Por que crees que existen estas divisións internas no territorio español?

12

¿Cal é o papel das diferentes liñas que aparecen nos mapas?

13

¿Que outras divisións coñeces do territorio: político-administrativas, relixiosas, xeolóxicas, climáticas...?

A ORGANIZACIÓN XEOPOLÍTICA DE ESPAÑA

14

¿Cales son os factores que poden delimitar estes territorios?
¿Son nada máis factores físicos? ¿Hai factores doutro tipo?



15 *Conclusiones individuais*



¿Que conclusións, teses ou ideas xerais podes utilizar como punto de partida sobre a organización xeopolítica de España?

Segundo o que acabamos de ver, existen diferentes formas de dividir-lo territorio peninsular que se foi formando ó longo do noso pasado. Esta ordenación é consecuencia dos diferentes proxectos políticos.

Documento 7

O nacemento do reino de Portugal


Afonso VI (1072-1109) rei de Castela, León e Galicia, deixa en herdanza os gobernos de Galicia e Portugal ós seus xentos Raimundo (casado con Urraca) e Henrique (casado con Tareixa).

Na 2ª metade do século XI, o reino que recibe don García é aínda a vella Gallaecia de tradición romana —é dicir, o espazo comprendido entre o Atlántico, o Macizo Galaico, o Cantábrico e o Douro— ampliada polas conquistas feitas ós musulmáns e polas que se pensa que podían facerse no futuro. Non desapareceu de todo a antiga noção territorial, cando, en 1096, recibe Raimundo de Borgoña, de mans de Afonso VI o condado de Galicia. Cinco anos despois esgazárase del o condado de Portugal, que, nas mans de Henrique e Tareixa, iniciará o camiño cara á independencia.

Ermelindo Portela (1991): *El nacimiento de Portugal*, en *Historia de Galicia*, tomo 2, Faro de Vigo, páx. 265.

A expansión de Portugal cara ó sur fíxose ás expensas da conquista ós musulmáns:

Figura A



O proceso centralizador comeza na coroa de Castela cos Reis Católicos:

Documento 8

Carta dos Reis Católicos a D. Fernando de Acuña, enviado seu a Galicia, en 1480, na que se lle conceden amplos poderes

Mandamos que sempre e cando vós entendades que convén ó noso servicio e á paz e sosego do dito Reino que calquera cabaleiro, ou outra persoa de calquera estado ou condición que sexa (...) ordenamos que tan pronto como vós llo mandedes, sen escusa nin dilación, saia e se vaia do dito Reino, ou da cidade, vila ou lugar onde lle mandedes saír, e se distancie tantas leguas como determinedes, baixo as penas civís e criminais que vós lle imponades da nosa parte, que nós lle imponemos e damos por impostas, pois dámosvos poder bastante para executalas nas súas persoas e bens.

E mandamos ós concellos e alcaldes e rexedores e outras persoas susoditas que igualmente sexan requiridas, que, para que se cumpran tódalas cousas susoditas, vos dean e fagan dar todo o favor e axuda (...)

Para todo o dito e para cada cousa en particular con tódalas súas incidencias e consecuencias dámosvos poder completo e enteira facultade. E nin uns nin outros fagades doutro modo.

Laura Fernández Vega, *La Real Audiencia de Galicia*, A Coruña, 1893, vol. III.

Durante o século XVIII, os Decretos de Abolición dos Foros de Aragón e Valencia, do ano 1707, e os correspondentes ás Novas Plantas de Cataluña de 1716, e de Valencia, en 1718, producen cambios no mesmo sentido:

Documento 9

Real Decreto da Nova Planta do Goberno do Principado de Cataluña, 15 xaneiro 1716

Tendo, coa asistencia divina e xustiza da miña causa, pacificado enteiramente as miñas armas o Principado de Cataluña, tocaba á miña soberanía establecer goberno nel (...) polo ben do cal, tras proceder a madura deliberación e consulta de ministros da miña maior confianza, resolvín que no referido Principado se forme unha Audiencia, na cal presida o capitán xeneral das miñas armas (...) o cal capitán xeneral ou comandante ha de ter voto soamente nas cousas do Goberno.

2. A Audiencia hase de xuntar nas casas que antes estaban destinadas para a Deputación.

4. As causas da Real Audiencia substanciaráanse en lingua castelá.

31. Na cidade de Barcelona ha de haber vinte e catro rexedores e nas demais oito, a nominación dos cales resérvoa para min.

37. Tódolos demais oficios [cargos] que antes había no Principado (...) non expresados neste meu Real Decreto, quedan suprimidos e extintos.

39. Mando que non haxa somaténs nin outras xuntas de xente armada, so pena de seren tratados como sediciosos.

40. Han de cesar as prohibicións de estranxeiría, porque a miña Real intención é que nos meus reinos as dignidades e honores se confiran reciprocamente ós meus vasallos.

42. En todo o demais que non está previsto nos capítulos antecedentes deste Decreto, mando que se observen as Constitucións que antes había en Cataluña, entendéndose que son de novo establecidas por este Decreto. (*Novísima Recopilación*, Libro V Título IX, Lei I.)

17

¿Que pretenden a fins do século XV os Reis Católicos coa súa política respecto a Galicia?
¿Que cambios se producen na ordenación territorial segundo as instrucións das Novas Plantas?

Neste mesmo século XVIII é o momento en que se confecciona o Nomenclátor de Florida-blanca, onde a situación era a que presentaba o seu redactor, Palomares, criticada polos ilustrados. Leamos con atención os documentos preparados:

Documento 10

Todo isto era o resultado do proceso a través do cal se formou a monarquía española, por agregación sucesiva de territorios da máis diversa condición, coa súa correspondente multiplicidade de institucións e demarcacións territoriais, moitas das cales non foron aclaradas aínda pola investigación. En fin, a situación era tan confusa e complicada que a penas se podían realizar cun mínimo de eficacia os máis elementais actos de goberno e administración, como se desprende da xustificación aducida no prólogo á relación de Floridablanca:

«Atopándose a cotío atrancado o Goberno para dirixi-las súas ordes e providencias a moitos Pobos da vasta Monarquía Española, pola pequenez duns, a identidade de nome doutros, e a falta dunha noticia exacta e Pronuario de todos (...) co fin de que o vasalo máis retirado e acochado tivese o consolo de ser coñecido e auxiliado do seu Rei e dos seus coidados paternais nos casos de calquera recurso ou necesidade, ou dunha Providencia xeral (...) deixar expeditas as vías para que en todo tempo, sabido o nome da vila de calquera habitante de España, poidan chegar a ela fácil, pronto e seguramente as providencias convenientes e precisas, que é o grande fin do Goberno.»

Antonio M^o Calero Amor: *La división provincial de 1833*, Madrid, I.E.A.L., 1987, páx. 19

AS FRONTEIRAS NO ANTIGO RÉXIME

No século XVIII tentábase por orde na confusa demarcación territorial de España. Os motivos de tal ordenación non eran político-administrativos, como denunciaban os ilustrados, como Jovellanos, Cabarrús ou León de Arroyal.

Documento 11


(...) as provincias, no estado en que hoxe as temos, non as formou a previsión da economía, senón a casualidade da guerra. As capitais fixéronse nas cidades grandes sen consideralas vantaxes da situación e as poboacións engadíronselles a proporción das conquistas sen ter presente outro respecto que a comodidade da defensa (...) o mapa xeral da Península amosanos cousas ridículas ámbas provincias encaixadas noutras, ás que-les irregularísimos por todas partes, capitais situadas nas extremidades dos seus partidos, intencionalidades extensísimas e intencionalidades moi pequenas (...), tribunais de xurisdicción que a penas se estende fóra dos muros da cidade, e tribunais que abarcan dúas ou tres reinos. En fin, todo aquilo que debe implicala desorde e a confusión.

León del Arroyal. *Cartas político-económicas al conde de Lemaña.*
Biblioteca Nacional, sala xeral, pán. 227.

Observamos agora as formas das fronteiras do século XVIII, segundo o reparto provincial rexistrado neste *Nomenclátor de Floridablanca*. Tratemos de le-lo mapa (figura 6) segundo os datos que nos ofrecen os documentos 10 e 11.

Provincias de España. Século XVIII

Figura 6a




AS FRONTEIRAS NO ANTIGO RÉXIME

18

¿Como son os espacios delimitados polas fronteiras provinciais? ¿Son semellantes os territorios na súa extensión? Xustifica a resposta comparando esta división coas outras dúas que analizaches (figuras 4 e 5). ¿Cal sería a razón da delimitación destes lugares segundo o lido nos documentos 10 e 11?

As sete provincias do Antigo Reino de Galicia

Figura 6b



Fonte: Mapa de Tomás López, 1784

"Cinco" OS CRITERIOS DA DIVISIÓN PROVINCIAL

Vimos que no Antigo Réxime as provincias non seguían criterios moi definidos. No século XIX, dentro do marco constitucional, aparecen novos proxectos de divisións provinciais, como é o caso da formulada por Felipe Bauzá en 1813. No cadro 1 e na figura 7 aparecen reflectidas as provincias propostas neste período constitucional. Deste xeito podemos cuestionar os criterios de división provincial: ¿Son estes a distribución de riqueza, poboación e superficie? ¿Preséntanse unidades semellantes? ¿Por que?

19

Localiza estas provincias no mapa da figura 7. Compara estas provincias coas que existían no século XVIII (figura 6a). Aduce posibles razóns dos cambios existentes entre os mapas de fins do XVIII e comezos do XIX (figura 7), considerando como argumentos:

- a semellanza entre a superficie das provincias propostas
- a relación cos reinos históricos
- a relación co medio físico
- a relación coa posible poboación de cada provincia.

Proxecto de provincias de Felipe Bauzá do ano 1813

Figura 7



OS CRITERIOS DA DIVISIÓN PROVINCIAL

Listaxe de provincias segundo o proxecto de Felipe Bauzá en 1813

Cadro 1

PROVINCIAS			
PRIMEIRA ORDE	SUBALTERNAS	SEGUNDA ORDE	GOBERNACIÓNS
Cataluña	Barcelona Tarragona Urxel	Asturias Santander Vascongadas	Biscaia Araba Guipúscoa
Aragón	Zaragoza Huesca Teruel	Navarra Soria Conca Murcia Xaén Málaga Cádiz Córdoba A Mancha Salamanca Valladolid Segovia Burgos As Illas Baleares As Illas Canarias	
Valencia	Valencia Segorbe Alacante		
Granada	Granada Guadix		
Sevilla	Sevilla Écixa		
Estremadura	Mérida Cáceres		
Toledo	Toledo Talavera		
Madrid			
León	León Astorga		
Galicia	Santiago Tui Ourense Lugo		

O regreso de Fernando VII en 1814 paraliza os debates sobre a división provincial. O trienio liberal supón a volta ó modelo constitucional e a formulación de novas propostas de división provincial. Vexámo-las xustificacións da Comisión das Cortes de 1821 para realiza-las novas fronteiras provinciais (véxase documento 12).

OS CRITERIOS DA DIVISIÓN PROVINCIAL

Proxecto de división territorial. 1821. Criterios utilizados

Cadro 2

Antigos reinos e provincias	Novas que se propoñen	Almas	Superficie (leguas cadradas)	Renda (mill. de pesos)																																																																																																							
Galicia	A Coruña	355.410	1.256	10.5																																																																																																							
	Pontevedra	344.756																																																																																																									
	Ourense	342.370																																																																																																									
	Lugo	262.550																																																																																																									
Asturias	Oviedo	343.512	440	5.0																																																																																																							
León	León	204.660	480	6.0																																																																																																							
	Ponferrada	86.385																																																																																																									
Zamora	Zamora	150.885	288	4.5																																																																																																							
	Touro																																																																																																										
Salamanca	Salamanca	210.907	471	9.4																																																																																																							
Valladolid e parte de Palencia	Valladolid	235.267	261	5.2																																																																																																							
Burgos, Soria e parte de Palencia	Logroño	208.095	963	21.3																																																																																																							
	Burgos	154.755																																																																																																									
	Santander	199.355																																																																																																									
	Burgo de Osma	123.155																																																																																																									
Segovia	Segovia	145.985	280	10.5																																																																																																							
Ávila	Ávila	126.210	195	2.5																																																																																																							
Araba Guzpúscua Biscaya	Provincia Vascongada	291.820	505	7.6																																																																																																							
					Navarra	Pamplona	211.160	350	7.7	Toledo	Toledo	293.685	706	17.2	Madrid	Madrid	313.815	110	3.2	Guadalaxara	Brihuega ou Cifuentes	200.745	157	7.7	Conca	Conca	296.650	909	8.9	Mancha	Cidade Real	296.525	607	7.7	Estremadura	Cáceres	199.320	1.100	14.8	Mérida	295.230	Sevilla	Sevilla	365.585	818	13.1	Cádiz	303.505	Valverde do Camiño	150.105	Córdoba	Córdoba	377.265	394	10.4	Xaén	Xaén	270.685	323	5.9	Granada	Granada	311.875	980	21.3	Málaga	296.068	Baza	234.005	Murcia	Murcia	253.370	800	6.9	Albacete	190.505	Valencia	Castellón	238.850	900	31.1	Valencia	383.215	Alacante	343.200	Cataluña	Barcelona	344.470	1.000	21.0	Tarragona	272.685	Xirona	215.915	Urxel	93.455	Aragón	Zaragoza	307.015	1.229	28.1	Huesca	182.358	Calataiud	116.104	Teruel	104.287
Navarra	Pamplona	211.160	350	7.7																																																																																																							
Toledo	Toledo	293.685	706	17.2																																																																																																							
Madrid	Madrid	313.815	110	3.2																																																																																																							
Guadalaxara	Brihuega ou Cifuentes	200.745	157	7.7																																																																																																							
Conca	Conca	296.650	909	8.9																																																																																																							
Mancha	Cidade Real	296.525	607	7.7																																																																																																							
Estremadura	Cáceres	199.320	1.100	14.8																																																																																																							
	Mérida	295.230																																																																																																									
Sevilla	Sevilla	365.585	818	13.1																																																																																																							
	Cádiz	303.505																																																																																																									
	Valverde do Camiño	150.105																																																																																																									
Córdoba	Córdoba	377.265	394	10.4																																																																																																							
Xaén	Xaén	270.685	323	5.9																																																																																																							
Granada	Granada	311.875	980	21.3																																																																																																							
	Málaga	296.068																																																																																																									
	Baza	234.005																																																																																																									
Murcia	Murcia	253.370	800	6.9																																																																																																							
	Albacete	190.505																																																																																																									
Valencia	Castellón	238.850	900	31.1																																																																																																							
	Valencia	383.215																																																																																																									
	Alacante	343.200																																																																																																									
Cataluña	Barcelona	344.470	1.000	21.0																																																																																																							
	Tarragona	272.685																																																																																																									
	Xirona	215.915																																																																																																									
	Urxel	93.455																																																																																																									
Aragón	Zaragoza	307.015	1.229	28.1																																																																																																							
	Huesca	182.358																																																																																																									
	Calataiud	116.104																																																																																																									
	Teruel	104.287																																																																																																									
As Illas Baleares	Mallorca Menorca Íbiza	229.095	196	8.8																																																																																																							

OS CRITERIOS DA DIVISIÓN PROVINCIAL

Documento 12

1821

Dictame no que se funda o proxecto de división do territorio formado pola Comisión especial nomeada a este efecto por orde da S. M.

Para que os pobos non sexan defraudados dos seus eternos dereitos, coidou especialmente a comisión que nas novas provincias a cantidade de 70.000 almas, asignadas pola Constitución para un deputado a Cortes, sexa no posible parte alícuota co número total das que formen cada un.

Era indispensable calcula-lo maior número de almas que un xefe político podía gobernar, e o **mínimum** de que habería de compoñerse unha provincia, o primeiro para que os pobos estivesen ben administrados, e o segundo para que non estivesen recargados con empregados, e este dato en combinación cos anteriores, deu como resultado provincias de 100 a 150.000 almas para primeira clase ou entrada; de 150 a 250.000 para segunda, e deste número a 350.000, aproximadamente, para as de terceira clase.

A combinación dos datos anteriores, tales como superficie, poboación, riqueza, base da representación nacional, **máximum e mínimo** de almas que un xefe pode gobernar e provincialismo, presentou á comisión atrancos para a formación do seu proxecto, que a penetración de V.E. coñece por demais: facíase unha división que reunía algúns e era destruída pola falta de concorrencia doutros: combinábanse ben estes noutro proxecto e faltaban aqueles; o resultado era perda de tempo e traballo. Despois de infindas tarefas e desvelos a comisión convenceuse de que os seus plans serían interminables se pretendía facer unha división perfecta en tódalas súas partes, cando para todo lle faltaban datos exactos, e contra o seu gusto tivo que decidirse polo que se presenta no mapa adxunto, que aínda sen satisface-los seus desexos, é o mellor que acadou a formar.

De resultados dos debates parlamentarios xorde unha nova proposta de división provincial, coas seguintes demarcacións:

A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo; León, Zamora, Vilafranca e Salamanca; Oviedo; Ávila, Burgos, Valladolid, Santander, Segovia, Soria, Logroño e Palencia; Bilbao, San Sebastián e Vitoria; Pamplona; Madrid, Toledo, Guadalaxara, Conca e Cidade Real; Cáceres e Badaxoz; Xaén, Almería, Cádiz, Sevilla, Córdoba, Huelva, Granada e Málaga, Murcia e Chinchilla; Castellón, Valencia, Alacante e Xátiva; Zaragoza, Huesca, Calataiud e Teruel; Barcelona, Tarragona, Lleida e Xirona; Baleares; Canarias.

20

Explica os cambios que xurdiron, empregando os criterios que definiu a Comisión das Cortes de 1821 (documento 12). A partir do cadro 2, onde aparecen reflectidas as poboacións, riqueza e superficie de cada provincia, ¿ratifícanse ou refútanse os criterios da Comisión das Cortes de 1821 (documento 12) sobre a división provincial? Compara esta división realizada en 1822 coa proposta de Felipe Bauzá. ¿Que cambios se rexistran?

Real Decreto de 30 de novembro de 1833 mandando face-la división territorial de provincias

Persuadida de que para que sexa eficaz a acción da administración debe ser rápida e simultánea e asegurada de que isto non pode suceder cando os seus axentes non están situados de xeito que poidan coñecer por si mesmos tódalas necesidades e os medios de socorrelas, tiven a ben, ó confiarvos polo meu Real Decreto de 21 de outubro o despacho do Ministerio de Fomento, encomendarvos que vos adicasesdes antes de todo a preparar e proporme, de acordo co Consello de Ministros, a división civil do territorio, como base da administración inferior, e medio para obter os beneficios que meditaba facer ás vilas. Así o tedes verificado despois de recoñecelos prolixos traballos feitos antes de agora por varias comisións e persoas sobre tan importante materia, e co que na súa vista me propuxestes de acordo co nomeado Consello, e oído o dictame do Goberno, veño, no nome da miña moi querida e excelsa Fillla a Raíña Dona Isabel II, en manda-lo seguinte:

Artigo 1º. O territorio español na Península e Illas adxacentes queda desde agora dividido en doze e nove provincias, que tomarán o nome das súas capitais respectivas, excepto as de Navarra, Araba, Guipúscoa e Biscaia, que conservarán as súas actuais denominacións.

Artigo 2º. A Andalucía, que comprende os reinos de Córdoba, Granada, Xaén e Sevilla, divídese nas nove provincias seguintes: Córdoba, Xaén, Granada, Almería, Málaga, Sevilla, Cádiz e Huelva. O de Aragón divídese en tres provincias, a saber: Zaragoza, Huesca e Teruel. O principado de Asturias forma a provincia de Oviedo. Castela a Nova continúa dividida nas cinco provincias de Madrid, Toledo, Ciudad Real, Conca e Guadalupe. Castela a Vella divídese en oito provincias, a saber: Burgos, Valladolid, Palencia, Ávila, Segovia, Sorba, Logroño e Santander. Cataluña divídese en catro provincias, a saber: Barcelona, Tarragona, Lleida e Xirona. Extremadura divídese nas de Badaxoz e Cáceres. Galicia nas da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. O reino de León nas de León, Salamanca e Zamora. O de Murcia nas de Murcia e Albacete. O de Valencia nas de Valencia, Alacante e Castellón da Plana. Pamplona, Vitoria, Bilbao e San Sebastián son as capitais das provincias de Navarra, Araba, Biscaia e Guipúscoa. Palma, a das illas Baleares. Santa Cruz de Tenerife a das Illas Canarias. Está rubricado da Real man da S. M. Palacio, 30 de novembro de 1833. AD. Javier de Burgos.

OS CRITERIOS DA DIVISIÓN PROVINCIAL

21 Conclusións da clase



¿Cando e en que contexto nacen as fronteiras provinciais? ¿Confírmanse ou non os criterios da Comisión das Cortes de 1821? ¿Poderíanse empregar aínda eses criterios? ¿Que parámetros da división provincial mudaron? Facede un mapa que delimite as provincias de 1833.

OS ESTATUTOS DE AUTONOMÍA DAS NACIONALIDADES HISTÓRICAS

As nacionalidades históricas (Galicia, Euscadi e Cataluña) viñan reclamando dende mediados do século XIX o seu dereito a autogobernarse. Primeiro baixo a forma de movementos rexionalistas e máis tarde claramente nacionalistas. Será á fin coa Constitución republicana de 1931 cando estas aspiracións atoparán un marco legal que posibilite a súa concreción nos correspondentes Estatutos de Autonomía.

Os Estatutos, a diferenza das outras divisións territoriais establecidas ata o momento, foron referendados mediante plebiscito polos pobos das tres nacionalidades que os promoveron. O de Cataluña en 1932, o de Euscadi en 1936 e o de Galicia en xullo de 1936.

Estatuto de Galicia de 1936

Documento A

Titulo I. Preliminar

Artigo 1º. Galicia organízase como rexión autónoma no Estado español, consonte coa Constitución da República e o presente Estatuto.

O seu territorio é o dos municipios comprendidos dentro dos actuais límites administrativos das catro provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Artigo 2º. Poderá agregarse a Galicia calquera territorio limítrofe de características históricas, culturais, económicas e xeográficas análogas, mediante os requisitos que as leis xerais establezan.

Artigo 3º. Os efectos deste Estatuto consideraranse galegos: os que o sexan por natureza e non adquirisen veciñanza administrativa noutro territorio da República, e os demais españois que gañen veciñanza en Galicia.

Os dereitos individuais serán en Galicia os definidos pola Constitución da República.

Os españois non comprendidos no primeiro parágrafo deste artigo terán en Galicia iguais dereitos que os que teñan os galegos no resto do territorio español.

Artigo 4º. Serán idiomas oficiais en Galicia o castelán e o galego; pero nas relacións oficiais da Rexión coas autoridades doutras Rexións e coas do Estado empregarase sempre o castelán.

OS CRITERIOS DA DIVISIÓN PROVINCIAL

Todo escrito que se presente a Tribunais e Autoridades redactado en galego será considerado en castelán cuando o pida a parte interesada; e o mesmo se fará en castro a redaccións e modificacións de todas clases.

As copias de documentos redactados na lingua rexional, que os fedatarios xegalen en castelán, non a distancia de parte ou porque haxan de producir efectos fóra de Galicia, deberán constar tamén o texto en galego.


Os funcionarios que se designen para actuar na rexión deberán acreditar coñecementos da lingua galega.

Título II. Poder Rexional

Artigo 5º. As atribucións reconhecidas a Galicia neste Estatuto serán exercidas por unha Xunta lexislativa, polo Presidente da Rexión, e por un órgano de goberno que se denominará Xunta de Galicia; ou polo pobo directamente actuado de calquera das formas que establecen os artigos 6 a 10 deste título. A función xudicial exercerase por xurados, xuíces e tribunais, conforme á que se nese leis orgánicas determinasen.

Mapa autonómico de 1936

Figura B



a) ¿Por que non se tivo en conta a autonomía de Galicia, Cataluña e Euzkadi en ideas propostas de división provincial do século XIX? ¿Por que se reconece por fin en 1931?

b) ¿En que se diferencia este mapa autonómico do actual?

"Seis" A CREBA DOS ACORDOS POLÍTICOS: A GUERRA CIVIL

As fronteiras territoriais non sempre son resultado do acordo pacífico de dous grupos sociais. As guerras son un exemplo evidente da loita polo dominio territorial. As guerras enfrontan varios poderes que tratan de asentarse mediante o control dun territorio.

A guerra civil española presenta un claro exemplo desta disputa polo dominio territorial. O seu desenvolvemento traducíuse no dominio efectivo que cada bando tivo sobre un anaco do territorio estatal. As súas fronteiras neste contexto bélico correspóndense ás fronteiras de batalla e estas foron mudando co avance da guerra.

Documento 14

As «dúas Españas», que se van enfrontar coma dous «estados» (malia incerteza, nos dous campos, deste concepto), ¿corresponden a «dúas Españas» social, política, moralmente divorciadas? É evidente que non, posto que as liñas de partición pasan polo máis profundo das estruturas da sociedade. Sen embargo, fixemos alusión á forza das orixinalidades rexionais. Podémosnos preguntar en que medida a división territorial de xullo de 1936 verteu as posibilidades de éxito, aquí ou acolá, tanto dunha «España negra» como dunha «España vermella».

Ás veces tense comparado esta división co mapa electoral de febreiro, e é verdade que as zonas que permaneceron baixo control gobernamental ó comezo do pronunciamento corresponden, grosso modo, ás rexións onde triunfara a Frente Popular: Cataluña enteira, Levante, o sur andaluz e, illadas deste conxunto, o norte da Asturias revolucionaria e do Euscadi nacionalista, que se unían por enriba da Cantabria máis conservadora de Santander. Á inversa, a masa territorial rapidamente conquistada para o golpe de estado é, en realidade, Castela a Vella (Valladolid, Burgos), que se une a Salamanca ó sudoeste, a León ó norte, a Navarra ó nordeste.

Pero esta aproximada lóxica maioritaria matízase con acontecementos menos esperados. ¿Por que triunfou finalmente o «Movemento» nunha Galicia republicana e autonomista? ¿Por que os republicanos de Menorca vencen ó xeneral Bosch, cando Mallorca cede facilmente diante de Goded? ¿Por que Estremadura quedou dividida en dúas, quedando Badaxoz coa República e Cáceres co «Movemento»? O factor «azar» tivo moito que ver.

Máis sorprendentes son a caída de Zaragoza, cidade de folgas, sede dos órganos centrais da CNT, e a inútil resistencia de Sevilla, Córdoba, Granada. Trátase, de feito, de **de victorias das gornicións sobre as cidades**, quedando na incerteza as zonas rurais ó seu arredor. O mapa, a finais de xullo, presenta así unha liña de partición (non unha fronte) pouco afastada das cidades (Cáceres, Ávila, Segovia, Teruel, Zaragoza, Huesca), o que suxire que as gornicións non foron **capaces de ocupa-lo espacio rural**; e así Albacete puido ser recuperada polos gobernamentais, e as vilas aragonesas ó leste de Zaragoza cambiaron varias veces de mans.

Quedan algunhas **lóxicas topográficas**: Madrid está protexido, fronte a Castela a Vella, polas cristas e os portos do Guadarrama, que as pequenas operacións lanzadas por unha parte e mais pola outra, varudas e custosas, non puideron franquear. O norte vasco-asturiano está protexido ó sur pola cadea cantábrica. Estas fronteiras «naturais» determinarán amplas zonas de estabilidade.

En realidade, a primeira **forza** capaz de modifica-las bases obtidas en xullo polo pronunciamento é o **exército de Marrocos** (o exército profesional). O gran problema é o do transporte desta forza de intervención. Inda o asalto dos navarros contra Irún, na fronteira francesa, derberá agardar, para triunfar, un reforzo da Lexión.

Pierre Vilar: *La Guerra Civil española*, Barcelona, Crítica, 1986.

22

A partir do texto de P. Vilar que che presentamos, explica as causas da división de España en dúas zonas en xullo de 1936. Razona a resposta partindo destas consideracións:

- a) as zonas correspóndense cos resultados das eleccións da Frente Popular.
- b) estivo en función da forza militar de cada cuartel.
- c) os factores topográficos influíron extraordinariamente.

A CREBA DOS ACORDOS POLÍTICOS: A GUERRA CIVIL

23

¿Cantos meses transcorreron entre as diferentes etapas da conquista do territorio español polas tropas nacionais? Compara a súa duración coa conquista romana e coa Reconquista
¿Que factores determinaron o maior ou menor tempo de conquista?

Evolución de fronteiras na Guerra Civil

Finais de xullo de 1936

Figura 8

Xullo de 1938

Figura 10




Marzo de 1937

Figura 9

Febreiro de 1939

Figura 11



A CREBA DOS ACORDOS POLÍTICOS: A GUERRA CIVIL

24



Dende o punto de vista estratéxico e observando os mapas: ¿Cal crees que era o obxectivo das tropas de Franco? ¿Pretendían a ocupación efectiva de todo o territorio ou, pola contra, o control dun punto ou puntos clave? ¿Crees que houbo variacións da estratexia durante a guerra?

25 *Conclusiones individuais*



Fai unha redacción onde expliques as diferencias entre as fronteiras bélicas, agora estudiadas, e as fronteiras políticas do século XIX.

"Sete" AS FRONTEIRAS XEOPOLÍTICAS NA ACTUALIDADE

Obtivemos algunhas conclusións iniciais que nos han servir como hipóteses de traballo, co fin de explica-la actual organización territorial de España. Primeiro analizámo-la división provincial, agora imos estudia-la organización das Autonomías e remataremos co estudio doutras posibles organizacións territoriais (municipios e comarcas).

Co establecemento da Constitución española de 1978, o territorio do Estado organízase en diferentes escalas espaciais, que se corresponden con distintos eidos de decisión; do mesmo xeito, as relacións con outros Estados orixinan relacións territoriais e espaciais de magnitude superior, como son os casos da UE, a OTAN, etc. Así, dende unha perspectiva político-administrativa a realidade xeográfica do Estado español estrutúrase primariamente en Comunidades Autónomas, con competencias territoriais recollidas na Constitución. Nun nivel inferior, a administración territorial artéllase en concellos, provincias e illas, segundo a escala e o carácter xeográfico de cada unidade. Para rematar, existen unidades de ámbito inferior ó municipio (por exemplo, as parroquias) e agrupacións de municipios. Como a realidade política española coincide cunha estrutura democrática formal e de dereito, reproducimos aqueles artigos da Constitución e da Lei de Administración Local (Lei 7/1985 de 2 de abril) que nos permitan realizar unha primeira aproximación explicativa e reflexiva sobre a actual organización territorial de España.

Unha vez aprobada a Constitución española o 6 de decembro de 1978, aparecen novos criterios de organización territorial. Pretendemos, agora, reflexionar sobre estes a partir do documento 16.

Constitución española de 1978

Documento 15

PREÁMBULO	TITULO PRELIMINAR
<p>A nación española, desexando establece-la xustiza, a liberdade e a seguridade e promove-lo ben de cantos a integran, no uso da súa soberanía, proclama a súa vontade de:</p> <p>Garanti-la convivencia democrática dentro da Constitución e das leis conforme a unha orde económica e social xusta.</p> <p>Consolidar un Estado de Dereito que asegure o imperio da lei como expresión da vontade popular.</p> <p>Protexer a tódolos españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas e tradicións, linguas e institucións.</p> <p>Promove-lo progreso da cultura e da economía para asegurar a todos unha digna calidade de vida.</p> <p>Establecer unha sociedade democrática avanzada, e colaborar no afortalamiento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre tódolos pobos da Terra.</p> <p>En consecuencia, as Cortes aproban e o pobo español ratifica a seguinte Constitución.</p>	<p>Artigo 1.</p> <p>1. España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.</p> <p>2. A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.</p> <p>3. A forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria.</p> <p>Artigo 2.</p> <p>A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de tódolos españois, e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.</p> <p>Artigo 3.</p> <p>1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Tódolos españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala.</p> <p>2. As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.</p> <p>3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.</p>

AS FRONTEIRAS XEOPOLÍTICAS NA ACTUALIDADE

26

¿Que significan os vocablos *pobos de España*, *nación española*, *nacionalidades e rexión*, *culturas e tradicións*, *linguas e institucións*?

27



En pequeno grupo, formule hipóteses para verificar despois con respecto a:

EVOLUCIÓN DA ORGANIZACIÓN TERRITORIAL: ¿Por que hai fronteiras e por que cambian?

A INFLUENCIA DO PODER POLÍTICO: ¿Como se organizan as fronteiras e os territorios dende criterios políticos?

O CONCEPTO DE AUTONOMÍA: ¿Como se xustifica a partir da Constitución de 1978 e como se reflicte na organización territorial?

No documento 16 seleccionamos algúns artigos da Constitución co obxecto de verificar se se cumpren os criterios de organización territorial a partir do concepto de Autonomía estudado anteriormente. No documento 17 pretendemos confirmar estes criterios de división territorial a partir da análise dos conceptos xurídicos e normas da Lei de Bases de Réxime Local.

Artigos da Constitución Española

Documento 16

Título VIII Da organización territorial do Estado

Capítulo Primeiro. Principios xerais

Artigo 137.

O Estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e nas Comunidades Autónomas que se constitúan. Todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.

Artigo 138.

1. O Estado garante a realización efectiva do principio de solidariedade consagrado no artigo 2 da Constitución, mirando polo establecemento dun equilibrio económico axeitado e xusto entre as diversas partes do territorio español, e atendendo en particular ás circunstancias do feito insular.

2. As diferencias entre os Estatutos das distintas Comunidades Autónomas non poderán implicar, en ningún caso, privilexios económicos ou sociais.

Artigo 139.

1. Tódolos españois teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio do Estado.

2. Ningunha autoridade poderá adoptar medidas que directa ou indirectamente estorben a libre circulación de bens en todo o territorio español.

Capítulo Segundo. Da Administración Local

Artigo 140.

A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena. O seu goberno e administración corresponde ós seus respectivos concellos, integrados polos alcaldes e concelleiros. Os concelleiros serán elixidos polos veciños do municipio mediante sufraxio universal igual, libre, directo e secreto, na forma establecida pola lei. Os alcaldes serán elixidos polos concelleiros ou polos veciños. A lei regulará as condicións en que proceda o réxime do concello aberto.

Artigo 141

1. A provincia é unha entidade local con personalidade xurídica propia, determinada pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades do Estado. Calquera alteración dos límites provinciais haberá de ser aprobada polas Cortes Xerais mediante lei orgánica.

2. O goberno e a administración autónoma das provincias estarán encomendados ás deputacións ou outras Corporacións de carácter representativo.

3. Poderanse crear agrupacións de municipios diferentes da provincia.

4. Nos arquipélagos, as illas terán ademais a súa administración propia na forma dos Cabidos ou Consellos.

Capítulo Terceiro.

Das Comunidades Autónomas

Artigo 145.

1. En ningún caso se admitirá a federación de Comunidades Autónomas.

2. Os Estatutos poderán prever os supostos, requisitos e termos nos que as CC.AA. poderán celebrar convenios entre si para a xestión e prestación de servizos propios das mesmas, así como o carácter e efectos da correspondente comunicación ás Cortes Xerais. Nos demais supostos, os acordos de cooperación entre as CC.AA. precisarán da autorización das Cortes Xerais.

Artigo 146.

O proxecto de Estatuto será elaborado por unha asemblea composta polos membros da Deputación ou órgano interinsular das provincias afectadas e polos deputados e senadores elixidos nelas e será elevado ás Cortes Xerais para a súa tramitación como lei.

Lei de Bases de Réxime Local. BOE nº 80 de 3/abril/1985

II

Como demostra a nosa historia e proclama hoxe a Constitución, dicir réxime local é dicir autonomía. A pervivencia mesma, ó longo do tempo e baixo as mais diversas circunstancias políticas, desta nota caracterizadora amosa, non obstante, a indeterminación e ambigüidade do concepto. Soamente a súa configuración positiva dende uns postulados e nun contexto xurídico-político determinado, é capaz de dotalo dun contido preciso.

Para comezar, o sentido da autonomía local non pode prescindir desa referencia fundamentadora da nosa orde constitucional en que España, nomeándose a si mesma como suxeito real e protagonista da súa historia, se constitúe en Estado social e democrático de dereito: anticipando así a formalización deste dato na fórmula concisa de residenciar toda soberanía no pobo español. A autonomía local ha de situarse, pois, á luz deste principio e na perspectiva dos principios nucleares que a Constitución contén para a total estruturación do Estado.

A vontade do pobo español foi a de enriquece-la súa trama organizativa, multiplicando os seus centros de decisión, sen mingua da superior unidade da súa realidade unificadora. A definición dos municipios e provincias faise de xeito suficiente, aínda que non proluxa, no texto supremo. A autonomía municipal debe se-lo principio rector da regulación de cada entidade. O criterio para evitar contradicións con outras instancias radica na determinación dos seus intereses respectivos. Que cousa sexa o interese respectivo non foi desenvolvido pola Constitución.

28

¿Que tipo de organización territorial se prevé na Constitución española partindo do exposto nos artigos 137, 138 e 139?

29

¿Como che poden afectar directamente as decisións tomadas nunha institución territorial autonómica? Recolle noticias de prensa onde se sinalen as actuacións e realizacións dos órganos de goberno da Comunidade Autónoma.

AS FRONTEIRAS XEOPOLÍTICAS NA ACTUALIDADE

Conclusiones da clase



A partir das respostas individuais, tratade de obter unhas conclusión común, que sexan o resultado do debate que manteñades sobre esta cuestión.

30

¿Confírmase o concepto de Autonomía nos documentos analizados? ¿Como se regula?
¿Cales son os seus límites?

A DIVERSIFICACIÓN DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Tal como vimos ó final da unidade 5, tres das actuais autonomías (Galicia, Euscadi e Cataluña) tiveran xa durante a República o seu Estatuto de Autonomía; as tres posúen un pasado histórico que foi conformando unhas bases sociais, culturais e económicas que deron lugar a unha identificación nacional, e son recoñecidas na Constitución coa denominación de *nacionalidades históricas*. As catorce autonomías restantes contan, asemade, en maior ou menor grao, con riscos sociais e culturais que as diferencian. Nas figuras 12, 13 e 14 presentamos algúns mapas que ilustran as relacións que mantiveron os cidadáns cos seus territorios.

AS FRONTEIRAS XEOPOLÍTICAS NA ACTUALIDADE

Figuras 12, 13 e 14



A España dos Antigos Reinos



Unidades morfoestructurais da Península Ibérica



División rexional da Península Ibérica durante o goberno de Franco (1939-1975)

Fonte: A Península Ibérica, Vilá Valentí.

AS FRONTEIRAS XEOPOLÍTICAS NA ACTUALIDADE

31

Sobre o mapa dos antigos reinos da Península Ibérica (fig.12) distingue as actuais unidades autonómicas. ¿Que diferencias observas na denominación de reinos? ¿Por que algúns tiñan o topónimo dunha cidade?

32

Trata de definir xeograficamente cada unha das Comunidades Autónomas. ¿Que criterios utilizas? ¿Que influencia ten o medio físico como organizador de unidades políticas?

Debate na clase



Seguindo as indicacións do profesor debate na clase as características xeográficas das diversas Comunidades Autónomas. A continuación revisa, se é necesario, a resposta do exercicio 32.


Como dixemos, hai algunhas Comunidades Autónomas que posúen unhas características moi específicas. Así mesmo sabes que hai varias que contan con forzas políticas propias. Imos ver algúns documentos co obxecto de reflexionar sobre a identificación dos intereses e proxectos sociais respecto dun territorio. Nun caso ofrecémosvos os resultados dunha enquisa onde os entrevistados manifestaban o seu interese por residir nunha ou noutra Comunidade Autónoma (documento 18), noutros casos ofrecémo-las opinións de políticos relevantes (documentos 21, 22 e 23), o funcionamento das institucións (documentos 19 e 20) e por último o intento de segregación de parte dunha Comunidade Autónoma (documento 24).

AS FRONTEIRAS XEOPOLÍTICAS NA ACTUALIDADE

Documento 18

Estudios Xeográficos, Revista publicada polo Instituto de Economía e Xeografía Aplicadas, abril-xuño 1993, LIV, 211.

Constancio de Castro Aguirre e Joaquín Bosque Sendra: *Mapas mentales de la España autonómica: La preferencia residencial*, páx. 181.



Organigrama xeral das administracións públicas das Comunidades Autónomas

Documento 19

<u>GALICIA</u>	<u>CATALUÑA</u>	<u>PAÍS VASCO</u>	<u>ANDALUCÍA</u>	<u>MADRID</u>
Xunta de Galicia	Generalitat de Cataluña	Gobierno Vasco	Xunta de Andalucía	Gobierno da Comunidade
<u>AS ILLAS BALEARES</u>	<u>AS CANARIAS</u>	<u>ARAGÓN</u>	<u>CANTABRIA</u>	<u>MURCIA</u>
Gobierno das Illas Baleares	Gobierno das Canarias	Deputación Xeral	Deputación Provincial	Consello de Goberno
<u>CASTELA-LEÓN</u>	<u>COMUNITAT VALENCIÁ</u>	<u>ESTREMADURA</u>	<u>CASTELA-A MANCHA</u>	
Xunta de Castela-León	Generalitat Valenciá	Xunta de Extremadura	Deputación Provincial	
<u>NAVARRA</u>	<u>A RIOXA</u>	<u>PRINCIPADO DE ASTURIAS</u>		
Deputación Foral	Consello de Goberno	Consello de Goberno		

Anuario El País, 1998

A REFORMA DO SENADO

Juan José Laborda Martín, presidente do Senado.

O artigo 69 da Constitución atribúe ó Senado unha natureza de Cámara de representación territorial. Pero a nosa Lei fundamental non lle conferiu funcións territoriais. As comunidades autónomas non se relacionan, polo tanto, co Estado a través do Senado, como sucede en Alemaña, onde o Bundestag articula os *länder*, coa Federación. O noso modelo, constitucionalmente, baséase nunha relación bilateral de cada Consello de Goberno autonómico co Goberno da nación. As súas eivas estanse a comprobar nesta lexislatura. É a primeira vez en que tódalas autonomías están en pleno funcionamento e o Goberno carece de maioría absoluta nas Cortes Xerais: a obrigada negociación coas minorías nacionalistas está a producir un incremento das tensións, por outra banda constantes, no Estado das autonomías.

A reforma regulamentaria aprobada en sesión plenaria o pasado 11 de xaneiro de 1994 pretende subsanar algunha desas insuficiencias, abrindo unha relación e un diálogo multilateral permanente, en sede parlamentaria, entre o

Goberno e as comunidades autónomas. Deste xeito, a discusión política salvará o risco máis grave que ten a nosa democracia: que o enfrontamento entre comunidades se converta en táctica electoral ou en estratexia política. O Goberno non se verá, como ata agora, só diante de esixencias de reformas competenciais á alza en favor de determinados estatutos; os partidos nacionalistas poden descubrir que unha Cámara territorial axuda a que en toda España as súas aspiracións sexan mellor entendidas, e os partidos de implantación en todo o territorio veranse obrigados a construír un discurso político coherente, pois non será posible xa sosteñer mensaxes distintas nos niveis autonómico e estatal por pura táctica electoral.

O núcleo da reforma é a creación da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas, composta por un número dobre de senadores das restantes comisións senatoriais, e na que tódolos senadores designados polos parlamentos autonómicos teñen voz.

Anuario El País, 1994

Documentos 21, 22

O SENADO, CARA Á SÚA CONVERSIÓN EN CÁMARA DE REPRESENTACIÓN TERRITORIAL

O proxecto de reforma do Senado botou a andar co obxectivo de que deixe de ser unha cámara de segunda lectura do Congreso, para pasar a ser cámara de representación territorial na que as nacionalidades históricas —Galicia, Cataluña e o País Vasco— teñan capacidade de vetar aquelas leis que

vulneren os feitos diferenciais.

A comisión que elabora a reforma dividiu o traballo en tres puntos: funcións, elección de senadores e tratamento dos feitos diferenciais.

No primeiro deles hai consenso para que o Senado sexa cámara de primeira lectura en asuntos que afecten ás

autonomías. O segundo e terceiro, aínda non debatidos, han se-los máis polémicos.

Para que a reforma vaia adiante, sen necesidade de referendo, cumprirá o apoio das tres quintas partes da cámara, polo que se tratará de busca-lo maior consenso entre tódolos grupos.

Un debate que abriu o BNG con dúas iniciativas parlamentarias

O BNG abriu o debate da reforma do Senado con dúas iniciativas parlamentarias que presentou no Congreso Francisco Rodríguez. Estes son algúns dos puntos básicos da reforma, segundo o BNG:

- * Definición do Senado como Cámara de representación das nacionalidades e das rexións.
- * Consideración como nacionalidades das actuais comu-

idades autónomas que reúnan as seguintes características: unha lingua e cultura propias; estatuto aprobado por referendo en outras etapas históricas; carácter insular e afastamento da península.

- * Establecemento, como distrito electoral, polo menos no caso das nacionalidades, do seu actual marco de comunidade autónoma, con desaparición da provincia.

Resumido de *La Voz de Galicia*, 3/V/1998

La Voz de Galicia

18-XII-1997

FRAGA PIDE QUE O SENADO SEXA O NEXO DO ESTADO E DAS AUTONOMÍAS PARA A UNIÓN EUROPEA

SANTIAGO, Redacción.

O presidente da Xunta, Manuel Fraga, dictou onte unha conferencia en Barcelona na que propuxo que o Senado se converta, despois da reforma que se estudia nestes momentos, no lugar de encontro entre as comunidades autónomas e o Goberno central para os asuntos relativos á Unión Europea.

O mandatario galego asegurou que se o Senado é a cámara de representación territorial e desexa que esa definición non sexa puramente semántica, debería pretenderse, a través da súa futura reforma, que represente realmente á

pluralidade dos ámbitos territoriais do poder, asumindo unha especialización funcional de cara a unha participación activa naquelas materias de especial relevancia para ditos entes territoriais.

A posición negociadora do Estado diante da U. E. –sinalou– precisa contar cun compoñente autonómico, realmente esencial cando do que se trata é de negociar sobre materias da competencia das comunidades. O Senado do futuro debería propiciar –indicou– a coordinación das vontades comunitarias co fin de acadala vontade estatal. A Cámara Alta, segundo o presidente galego, está chamada a

desempeñar un papel de equilibrio no Estado.

Fraga pasou revista durante a súa conferencia pronunciada no Círculo de Economía de Barcelona, á súa proposta de creación dunha conferencia de presidentes autonómicos, que ó seu ver, deben ser ademais senadores natos. Maastricht –prognosticou– vai supor máis desaxustes no equilibrio autonómico dos que xa xera na actualidade a integración na Unión Europea, polo que é preciso pór en marcha novos mecanismos que garantan a compatibilidade entre a acción exterior do Estado e as competencias autonómicas.

UN POLÉMICO LEONESISMO LARVADO DENDE A TRANSICIÓN

Durante a transición, a maioría dos partidos políticos defendía a autonomía uniprovincial de León. Serán os deputados e senadores da antiga UCD os que en 1979 comezan a defende-la integración en Castela para forma-la Comunidade Autónoma de Castela e León. Máis tarde súmanse os do PSOE.

Pero o reparto de sedes das institucións autonómicas abriu de novo a polémica do leonesismo. En 1994

o presidente socialista da Deputación de León anunciou a realización dunha enquisa para coñece-la opinión dos leoneses respecto da segregación de León, pero a proposta foi rechazada polos seus compañeiros de partido. Por outra banda, a Unión do Pobo Leonés (UPL) tamén presentou unha solicitude de referendo neste sentido.

Resumido de *Diario 16*, 05-I-1995

AS FRONTEIRAS XEOPOLÍTICAS NA ACTUALIDADE

33

Para poder realizar adecuadamente o debate entre tódolos membros da clase deberedes:

Conclusións individuais



- 1° Escribir individualmente as vantaxes e inconvenientes que atopades nun proxecto político nacionalista.

- 2° Comparadas as respostas individuais, elaborade un breve informe, a xeito de síntese, para ser lido na clase.

A Constitución española consagra tres eidos fundamentais de autonomía política: os municipios, as provincias e as Comunidades Autónomas. Co obxecto de delimita-las competencias destas institucións lexislouse unha normativa que regula o funcionamento das mesmas, é a Lei de Administración Local (Lei de Bases, publicada no BOE núm. 80, de 3 de abril de 1985). Dela xa coñecemos-lo preámbulo legal, onde se fai alusión ós fundamentos históricos e constitucionais que determinan o actual estado de dereito. Agora imos traballa-los artigos 1, 39, 40, 41, 42, 43, 44 e 45.

Artigos da Lei de Réxime Local

Documento 25

Artigo 1.

1. Os municipios son entidades básicas da organización territorial do Estado e cauces inmediatos de participación cidadá nos asuntos públicos que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividadeas.
2. A provincia e, no seu caso, a illa, gozan, así mesmo, de idéntica autonomía para a xestión dos intereses respectivos.

**CAPÍTULO III
Réximes especiais**

Artigo 39.

Os organismos forais de Araba, Guipúscoa e Biscaia conservan o seu réxime peculiar no marco do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma do País Vasco. Non obstante, as disposicións da presente lei seranlles de aplicación con carácter supletorio.

Artigo 40.

As Comunidades autónomas uniprovinciais e a foral de Navarra asumen as competencias, medios e recursos que corresponden no réxime ordinario ás Deputacións Provinciais. Exceptúase a Comunidade Autónoma das Illas Baleares nos termos do seu Estatuto propio.

Artigo 41.

1. Os Cabidos, como órgano de goberno, administración e representación de cada illa, réxense polas normas desta lei que regulan a organización e funcionamento das Deputacións Provinciais, asumindo as competencias destas, sen prexuízo das que lles corresponden pola súa lexislación específica.
2. No Arquipélago Canario subsisten as Mancomunidades Provinciais Interinsulares exclusivamente como órganos de representación e expresión dos intereses provinciais. Integran ditos órganos os presidentes dos Cabidos Insulares das provincias correspondentes presididos do Cabido da illa en que se atope a capital da provincia.
3. Os Consellos Interinsulares das Illes Baleares, ós que son de aplicación as normas desta lei que regulan a organización e funcionamento das Deputacións provinciais, asumen as súas competencias de acordo co disposto nesta lei e as que lles correspondan, de conformidade co Estatuto de Autonomía das Illas Baleares.

OS EIDOS DA AUTONOMÍA POLÍTICO-ADMINISTRATIVA

Título IV. Outras entidades locais

Artigo 42.

1. As Comunidades Autónomas, de acordo co disposto nos seus respectivos Estatutos, poderán crear no seu territorio comarcas ou outras entidades que agrupen varios municipios, de características que determinen intereses comúns precisados dunha xestión propia ou demanden a prestación de servizos de dito ámbito.
2. A iniciativa para a creación dunha comarca poderá partir dos propios municipios interesados. En calquera caso, non se poderá crear a comarca se a iso se opoñen expresamente as dúas quintas partes dos municipios que deberán agruparse nela, sempre que, neste caso, tales municipios representen polo menos a metade do censo electoral do territorio correspondente. Cando a comarca deba agrupar municipios de máis dunha provincia, será necesario o informe favorable das Deputacións provinciais do ámbito territorial ó que pertencen tales municipios.
3. As leis das Comunidades Autónomas determinarán o ámbito territorial das comarcas, a composición e o funcionamento dos seus órganos de goberno, que serán representativos dos concellos que agrupen, así como as competencias e recursos económicos que, en todo caso, se lles destinen.
4. A creación das comarcas non poderá supoñer a perda polos municipios da competencia por prestalos servizos enumerados no artigo 26, nin privar ós mesmos de toda intervención en cada unha das materias enumeradas no apartado 2 do artigo 25.

Artigo 43.

1. As Comunidades Autónomas, previa audiencia da Administración do Estado e dos concellos e deputacións afectados, poderán crear, modificar e suprimir, mediante lei, áreas metropolitanas, de acordo co disposto nos seus respectivos Estatutos.
2. As áreas metropolitanas son entidades locais integradas polos municipios de grandes aglomeracións urbanas que teñan entre os seus núcleos de poboación vencellos económicos e sociais que fagan precisa a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras.
3. A lexislación da Comunidade Autónoma determinará os órganos de goberno e administración, en que estarán representados tódolos municipios integrados na área: o réxime económico e de funcionamento, que garantirá a participación de tódolos municipios na toma de decisións e unha xusta distribución das cargas entre eles, así como os servizos e obras de prestación ou realización metropolitana e o procedemento para a súa execución.

Artigo 44.

1. Reconéceselles ós municipios o dereito a asociarse con outros en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados da súa competencia.
2. As mancomunidades teñen personalidade e capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins específicos e réxense polos seus estatutos propios. Os estatutos regularán o ámbito territorial da entidade, o seu obxecto e competencia, órganos de goberno e recursos, prazo de duración e cantos outros extremos sexan precisos para o seu funcionamento.
En todo caso, os órganos de goberno serán representativos dos concellos mancomunados.
3. O procedemento de aprobación dos estatutos das mancomunidades determinarase pola lexislación das Comunidades Autónomas e axustarase, en todo caso, ás seguintes regras:
 - a) A elaboración corresponderá ós concelleiros da totalidade dos concellos promotores da mancomunidad, constituídos en asemblea.
 - b) A Deputación ou deputacións provinciais interesadas emitirán informe sobre o proxecto dos estatutos.
 - c) Os plenos de tódolos concellos aproban os estatutos.
4. Seguirase un procedemento semellante para a modificación ou supresión das mancomunidades.

Artigo 45.

1. As leis das Comunidades Autónomas sobre réxime local regularán as entidades de eido territorial inferior ó concello, para a administración descentralizada de núcleos de poboación separados, baixo a súa denominación tradicional de casaríos, parroquias, aldeas, barrios, freguesías, concellos, pedanías, lugares anexos e outros semellantes, ou aquela que establezan as leis.
2. En todo caso respectarase as seguintes regras:
 - a) A iniciativa haberá de contar cun órgano unipersonal executivo de elección directa e un órgano colexiado de control que terá un número de membros non inferior a dous nin superior ó tercio do número de concelleiros que integren o respectivo concello.

34

Fai unha listaxe de entidades locais, cos seus réximes específicos e agrupacións. Establece comparacións. ¿Que eidos territoriais aparecen nesta lexislación?

Real Decreto 2586/1986 de 28 de novembro

Documento 26

Reglamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

Art. 2º

1. O goberno e administración municipal, salvo en aqueles municipios que legalmente funcionen en réxime de concello aberto, corresponde ó Concello, integrado polo alcalde e os concelleiros. Nos municipios que funcionen en réxime de concello aberto, o goberno e a administración exercerase por unha asemblea integrada por tódolos existentes no concello e polo alcalde elixido directamente por eles.
2. O goberno e administración da provincia, como entidade local corresponde á Deputación ou outra corporación de carácter representativo.
3. Os Cabidos e Consellos insulares son os órganos de goberno e administración de cada illa.
4. Os órganos de goberno e administración das demais entidades locais serán reguladas nas leis das Comunidades Autónomas que as institúan ou recoñezan e, no caso das mancomunidades, os establecidos nos seus estatutos.

35

¿Que órganos de goberno e institucións se utilizan para asegura-la autonomía local nun marco estatal?

OS EIDOS DA AUTONOMÍA POLÍTICO-ADMINISTRATIVA

Outras formas de intervención residen na iniciativa popular para cambia-los lindeiros territoriais. Os exemplos que reproducimos, tomados da prensa diaria, exemplifican dita actuación veciñal:

Documento 27

5.000 VECIÑOS DE ORIHUELA PIDEN CAMBIAR DE COMUNIDADE

Un escrito dirixido ó concello de Orihuela solicita a convocatoria dun pleno extraordinario para pedir ó Goberno a celebración dun referendo con vistas a segrega-lo municipio da Comunidade Autónoma Valenciá e pasar a depender da de Murcia; recolléronse xa 5.000 sinaturas de apoio. Orihuela conta con preto de 45.000 habitantes.

A petición realízase ó abeiro da Lei de Réxime Local, na que se recolle a posibilidade de que os concellos celebren referendos consultivos e está baseada en motivos

xeográficos, lingüísticos, económicos e administrativos; respecto ós primeiros sinala: «Atopámonos encravados na Veiga Baixa do Segura e formamos unha unidade natural xeográfica indisoluble co resto dos territorios e poboacións que a compoñen.» «Somos castelán falantes» e a comarca ten estrutura agraria que marca profundamente a súa personalidade.

Resumido de *El País*, 29 de novembro de 1986



CONSULTA POPULAR NO CONDADO DE TREBIÑO

O alcalde de Trebiño, Ernesto Argote, asegurou onte que o vindeiro 8 de marzo se celebrará unha consulta popular na que se preguntará ós trebiñeses se desexan un referendo no condado para decidir se continúan en

Burgos ou se unen a Araba. Argote, despois do pleno municipal que ratificou por unanimidade a consulta, lembrou que o concello de Trebiño pediu permiso ó Goberno e engadiu que se este non chega ou se denega «estamos

igualmente dispostos a celebra-la consulta».

Resumido de *La Voz de Galicia*,
6 de febreiro de 1998

Outras veces, as iniciativas dos poderes políticos encamiñanse a buscar relacións entre municipios. Como xa vimos, na mesma Lei de Bases de Réxime Local permítese a constitución de mancomunidades de municipios. Pero outras veces, o que existe é un proxecto de ordenación territorial para toda unha comunidade. Estámonos a referir á comarcalización, que procura a agrupación de municipios en unidades xeopolíticas de maior rango demográfico e superficial.

Os documentos seleccionados permiten analiza-las diferentes posturas que existen sobre esta cuestión:

- A.** A postura dos defensores dos intereses provinciais, xestionada a través das Deputacións provinciais, xa que no artigo 36 da Lei de Bases de Réxime Local establécese que estas son competentes para:

Competencias das Deputacións Provinciais

Documento 28

1. Son competencias propias da Deputación as que lles atribúan, neste concepto, as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e en todo caso:

- a) A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e axeitada a que se refire o apartado a) do número 2 do artigo 31.
- b) A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós municipios, especialmente ós de menor capacidade económica e de xestión.
- c) A prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal.
- d) En xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.


2. Ós efectos do disposto nas letras a) e b) do número anterior a Deputación:

- a) Aproba anualmente un Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal, na elaboración do cal deben participa-los concellos da provincia. O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, poderá financiarse con medios propios da Deputación, as aportacións municipais e as subvencións que acorden a Comunidade Autónoma e o Estado con cargo ós seus respectivos orzamentos. Sen prexuízo das competencias recoñecidas nos Estatutos de Autonomía e das anteriormente asumidas e ratificadas por estes, a Comunidade Autónoma asegura no seu territorio a coordinación dos diversos plans provinciais de acordo co previsto no artigo 59 desta lei. O Estado e a Comunidade Autónoma, no seu caso, poden vincula-las súas subvencións a determinados criterios e condicións na súa utilización ou emprego.

- B.** A postura dos defensores dunha NOVA ORGANIZACIÓN COMARCAL, que pretenden organizar politicamente todo un país, toda unha Comunidade Autónoma; ou no caso de Galicia, procurando soamente unha coordinación das distintas consellerías e as entidades locais, sen darlle á comarca carácter xurídico-territorial.

Mapa da división comarcal de Cataluña

Figura 15



Lei de desenvolvemento comarcal de Galicia

Documento 29

Lei 7/1996 do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal.

Artigo 2. Fins

Os fins do desenvolvemento comarcal que persegue a presente lei son os seguintes:

- 1) A coordinación das diferentes administracións implicadas para favorecer o desenvolvemento local, mediante un modelo de cooperación horizontal e vertical que permita unha maior e máis eficiente asignación de recursos.
- 2) A configuración das comarcas como unidades supramunicipais, como o ámbito máis adecuado para a coordinación e integración da planificación socioeconómica e da planificación física, e para a protección do medio ambiente nun modelo de desenvolvemento integrado.
- 3) A implantación de estratexias de coordinación e de planificación integradas sen multiplicar as estruturas administrativas existentes.
- 4) O fortalecemento do papel dos axentes socioeconómicos públicos e privados da comarca como factores dinamizadores do desenvolvemento.
- 5) A aplicación dos principios e dos métodos do modelo de desenvolvemento local a todo o territorio, mediante unha implantación gradual e participativa para desempeñar proxectos estratéxicos de desenvolvemento comarcal.
- 6) A busca dunha solución para as situacións críticas que derivan dos procesos de despoboamento demográfico, avellentamento, descapitalización, infraequipamento e subutilización de recursos.
- 7) A definición das especificidades productivas comarcais, que permitan establecer as vantaxes comparativas dentro dunha oferta de calidade.
- 8) A redución dos desequilibrios territoriais existentes.
- 9) A contribución á ordenación do territorio, co fin de facer compatible a protección do medio –entendido como recurso e como calidade de vida– co desenvolvemento comarcal.

MAPA COMARCAL POR DECRETO

Adoitan repeti-los expertos en planificación que o territorio constitúe o soporte de tódolos procesos sociais, económicos e políticos que caracterizan a evolución da sociedade. O carácter diferencial de Galicia deveu, despois dun longo proceso de cinco anos de reflexión goberamental e polémica territorial, nun mapa de cincuenta e tres comarcas, que o executivo galego aprobou por decreto o 20 de febreiro de 1997, mentres a oposición socialista e nacionalista reclamaba o debate no Parlamento e o recoñecemento xurídico da parroquia. Corenta concellos presentaron alegacións, das que vinte e sete foron finalmente aceptadas. Os promotores da iniciativa, concretamente o conselleiro da Presidencia, Dositeo Rodríguez, e o director do Gabinete de Planificación, Andrés Precedo Ledo, recoñeceron o seu fracaso á hora de fixar límites máis amplos que os tradicionais no proceso comarcalizador. Na maioría dos casos, o executivo autonómico tivo que ceder diante da forte bagaxe «sentimental» dos concellos implicados. (...)

O goberno galego desestimou tres peticións de concellos que non estaban de acordo co emprazamento proposto pola Xunta. A Capela quería integrarse en Ferrol e quedou na comarca co Eume, Pol pretendía abandonar Meira e incluírse na Terra Chá e Baleira abandonar A Fonsagrada, pero non puido. O decreto desoía, entre outras, as peticións de creación de demarcacións comarcais en Rábade, Maceda, Alfoz, O Valadouro, As Pontes, Cedeira e Navia de Suarna. Tampouco considerou a modificación do nome e composición da Mariña Central (solicitada por Mondoñedo), A Mariña Occidental (pedida por Xove e Viveiro) e a integración en Chantada de toda a comarca da Ulloa e do municipio de Portomarín, a petición de Chantada e Taboada. A elaboración do mapa comarcal estivo acompañada en todo momento dunha postura crítica da oposición parlamentaria, que reclamou en repetidas ocasións que o atlas das comarcas galegas xurdise do debate na cámara autonómica. O PSdeG e o BNG consideraron baleiro de contido o plan da Xunta que daba orixe ó mapa comarcal. Na súa opinión, a resposta axustada ó problema da organización administrativa de Galicia só podía vir dada polo Estatuto de Autonomía, mediante o recoñecemento xurídico das comarcas.


O conselleiro da Presidencia explicou en repetidas ocasións que co mapa comarcal non se trataba de crear unha nova entidade xurídico-territorial, senón de propiciar un marco que permitise a coordinación e formulación de estratexias consensuadas entre as distintas consellerías. Coa súa aprobación, a Xunta deu por rematada a segunda fase do Plan de Desenvolvemento Comarcal, destinado a pór en marcha mecanismos de coordinación das estratexias seguidas polas distintas administracións. Os socialistas consideran que o mapa foi o «cumio dun proceso aberrante» e os nacionalistas cualificárono de «despropósito», ideado para hipoteca-lo futuro das distintas comarcas.

O mapa comarcal da Xunta, inspirado en boa medida nos traballos de Andrés Precedo Ledo, partía da base de actuación sobre un territorio, con procesos sociais e económicos que xeraron unha desorganización espacial que tende á entropía. Ó escaso control das decisións e accións territoriais, individuais ou colectivas, espontáneas ou programadas, engádese un compendio de políticas territoriais, sectoriais e inconexas, carentes de obxectivos globais. En consecuencia, cada intervención deu lugar a un aumento da desorde espacial, que, nalgúns casos, alterou as dotacións de recursos valiosos non renovables, cun balance social máis negativo ca positivo. O resultado, desartellamento das estruturas territoriais e desaxuste espacial crecente. O mapa comarcal do que dispón Galicia, destinado en parte a paliar este estado de cousas, non parece pecha-la polémica.

Os EIDOS DA AUTONOMÍA POLÍTICO-ADMINISTRATIVA

Mapa comarcal de Galicia

Figura 16



C. A postura dos intereses municipais, que é moi diferente segundo o tamaño de cada municipio. Aparecen así diferentes mancomunidades.

Lei 5/97 do 22 de xullo, de Administración local de Galicia

Documento C

Artigo 147

Son competencias das mancomunidades de municipios:

- a) A administración e defensa do seu patrimonio.
- b) A execución de obras e prestación parcial ou integral de servizos do seu interese.
- c) Aqueloutras que lles sexan delegadas ou encomendadas por outras administracións públicas.

A mancomunidade do Morrazo elabora un orzamento de 590 millóns para custear-lo plan do lixo. A ruta ecolóxica polos montes da comarca ocupa unha cuantiosa partida, con 154 millóns de pesetas

A mancomunidade de concellos do Morrazo está integrada por Cangas, Mouña, Bueu e Marín. O plan do lixo, orzamentado en 630 millóns, e a ruta ecolóxica polos montes da comarca, cun custo de 237 millóns, son os dous grandes proxectos investidores que se van acometer. Ambos, de execución plurianual están subvencionados pola Unión Europea ó 70%, e para o 30% restante concertouse un crédito con vencementos cada tres meses deica o ano 2012.

No caso do plan do lixo, soamente serían os concellos de Cangas, Mouña e Bueu, xa que Marín preferiu adherirse ó plan Sogama da Xunta.

Faro de Vigo, 12-V-1998 (Resumo)

CONSTITUÍDA A MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA COA INCLUSIÓN DE BRIÓN

Pretende xestionar pola súa conta os residuos sólidos urbanos de sete municipios

RIBEIRA. Redacción.

A Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza acaba de nacer. Os alcaldes do Son, A Pobra, Muros, Lousame e Rianxo, serán os membros da comisión xestora do ente supramunicipal, segundo se acordou na xuntanza celebrada o luns pola noite na vila sonense, á que asistiron un total de 52 persoas. O primeiro cometido que terá a entidade será o de xestionar axudas perante a UE para pór a andar un plan de tratamento de residuos sólidos. Brión sumouse dende o primeiro intre a este proxecto.

O plan de tratamento de residuos sólidos que propugna a Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) para toda Galicia «xa cambiou o suficiente para que poida ser complementario co plan Barbanza». Deste xeito, sen agacha-lo seu afán colaboracionista, expresouse o primeiro tenente de alcalde de Porto do Son, Gonzalo de Lucas Lema, ó remata-la xuntanza celebrada o luns á noite na casa consistorial do Son.

Para constituí-la mancomunidade Serra do Barbanza era preciso o apoio dun total de 41 concelleiros das corporacións de Lousame, Muros, Porto do Son, A Pobra e

Rianxo —a metade máis un—, cifra que se cumpriu folgadamente, dado que á asemblea asistiron 52 representantes dos citados concellos.

O paso seguinte será que os respectivos plenos municipais nomeen os seus voceiros no órgano rector da mancomunidade, que haberán de ser tres por cada concello —a ser posible un de cada grupo político— e un cuarto que sempre será o alcalde. Algunhas corporacións xa nomearon os seus representantes, como O Son ou Lousame, mentres que están pendentes outras como Pobra do Caramiñal ou Rianxo, que agardan facelo en datas vindeiras.

La Voz de Galicia, 14-II-1998

PROVINCIA DA CORUÑA

MANCOMUNIDADE

Denominación: **Ferrol**

Composición: Ferrol, Narón, Fene, Ares, Mugardos, Valdovíño e Pontedeume.

Competencias: Tratamento de residuos, Plan de Ordenación Urbana, incendios, auga, vivendas de protección oficial, fomento en materia docente, matadoiro, servizos que non se opoñan ós fins permitidos polas Leis.

OS EIDOS DA AUTONOMÍA POLÍTICO-ADMINISTRATIVA

36


Analizade os documentos seleccionados (mapas e textos) e facede un pequeno informe onde explicáde-los argumentos que se expoñen para intervir na actuación municipal. Se fosedes veciños dalgún concello pequeno, ¿que tipo de actuación vos parecería máis axeitada: axuda da Deputación, comarcalización do territorio ou creación de mancomunidades? Explicade as razóns.

A continuación, os voceiros dos diferentes equipos deben ler en voz alta as súas conclusións. Despois, debateremos, en asemblea de clase, as opinións que mantemos, co fin de poder redactar cada un de nós unha breve recapitulación final onde expoñámo-los nosos criterios sobre as circunstancias que prevé a lexislación española para poder intervir na vida política local, autonómica e estatal.

En España non só existen divisións do territorio realizadas polas institucións políticas e administrativas. Tamén as empresas privadas realizan as súas propias estratexias de funcionamento sobre o territorio. Para iso analizan o comportamento da demanda (grandes concentracións urbanas), a capacidade de compra (niveis de renda) e a accesibilidade do mercado a través dunha boa distribución da oferta (boas comunicacións). Vexamos algúns documentos.


Mapa das áreas comerciais

Figura 17



Mapa da rede comercial dunha editorial de libros de texto

Figura 18




OUTROS MODELOS DE ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

37

¿Que mapas dos que che presentamos (figuras 17 e 18) respectan as fronteiras provinciais de Comunidades Autónomas e cales non? ¿Cal é o motivo de organiza-la rede comercial sobre unha serie de puntos concretos? ¿Por que se elixen estes lugares como centros de xestión comercial?

Mapa das diferentes edicións dun xornal galego

Figura C



37a

O mapa da figura C recolle as edicións dun periódico galego. Cada unha das edicións responderá, lóxicamente, á demanda de información local que se xera en cada zona. Observa como existe unha edición que agrupa Valdeorras e O Bierzo. Ademais, a edición da Mariña luguesa tamén recolle información local dos concellos fronteirizos asturianos, onde tamén se difunde este xornal. ¿Como explicas este feito? ¿Coinciden as fronteiras culturais coas políticas?

OUTROS MODELOS DE ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Presentámosche, de seguido, dous documentos publicitarios de grandes almacéns e dunha cadea de restaurantes. Ademais tamén che ofrecémo-los mapas das divisións do exército e os cambios habidos no ano 97. Como verás en tódolos casos trátase dunha relación que se establece entre proxectos sociais, económicos ou militares e o espacio xeográfico.

Documento 30

Lista dos lugares por comunidades autónomas onde se atopan os establecementos dunha cadea de restaurantes

ANDALUCÍA

- * Alxeciras
- * Campo de Xibraltar (Os Barrios)
- * Dúas Irmás
- * Granada
- * Huelva
- * Xaén
- * Xerez da Fronteira
- * Málaga (Alameda, Os Patios e Rosaleda)
- * San Fernando

AS BALEARES

- * Palma de Mallorca

AS CANARIAS

- * As Plamas (Os Areais e A Balea)
- * Santa Cruz de Tenerife

CASTELA-LEÓN

- * León
- * Palencia
- * Ponferrada
- * Valladolid

CATALUÑA

- * Badalona

COMUNIDADE DE MADRID

- * Alcobendas
- * Madrid (Aluche)
- * Móstoles

COMUNITAT VALENCIANA

- * Benidorm
- * Elxe
- * Gandía
- * Petrer
- * Sagunto
- * Torrevella
- * Valencia (Camponar)

ESTREMADURA


- * Mérida

GALICIA

- * A Coruña
- * Lugo
- * Pontevedra

MURCIA

- * Cartaxena
- * Murcia



Documento 31



ESTABLECEMENTOS DUNHA CADEA DE GRANDES ALMACÉNS

Madrid - Barcelona - Sevilla - Bilbao - Valencia
Murcia - Vigo - As Palmas de Gran Canaria
Málaga - Zaragoza - A Coruña - Valladolid
Alacante - Sabadell - León - Santiago

Organización do Exército de Terra Figura 19



OUTROS MODELOS DE ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Novas Rexións e Zonas Militares

Documento 32

O Consello de Ministros aprobou o 11 de xullo de 1997 a nova organización territorial do Exército de Terra, eixo da segunda fase do Plan Norte. As seis rexións militares (antigas Capitanías) existentes ata entón reducíronse a catro: Pirenaica (con sede en Barcelona), Noroeste (A Coruña), Centro (Madrid) e Sur (Sevilla). Burgos e Valencia deixaron de ser capitais de Rexión Militar, pero non por iso perderon a presenza dun tenente xeral. Para Burgos creouse a Inspección Xeral de Mobilización, mentres que en Valencia se constituíu o cuartel xeral da Forza de Manobra. Incluso Granada volveu a contar cun tenente xeneral, o xefe do novo Mando de Adestramento e Doutrina.

Anuario El País, 1998


Organización da Mariña

Figura 20



División e mandos operativos do Exército do Aire

Figura 21



38

¿Por que se organizan estas divisións no territorio? Ademais do territorio, ¿que outros espacios están afectados por esta división? ¿Cal sería a súa funcionalidade? Razona esta resposta lendo con atención a noticia periodística.

Conclusiones da clase



En pequeno grupo: debatede a partir das respostas as anteriores cuestións. A continuación os voceiros lerán as conclusións, co fin de acadar unha conclusión de toda a clase sobre:

39

¿Por que hai outros límites no territorio español? ¿Cal será a finalidade das fronteiras interiores?

Para poder coñece-lo papel de España no mundo cómpre analizar previamente as nosas concepcións sobre a relevancia internacional do Estado Español. Dado que as nosas opinións están influenciadas por outras, en especial aquelas que se reproducen nos medios de comunicación, imos analizar algunhas frases que se pronunciaron neste contexto.

40

Fai unha análise do papel do estado español no mundo, atendendo ás seguintes cuestións:

- a) ¿Como inflúe a posición de España no contexto mundial? Razona a túa resposta a través dunha análise xeográfica da situación da Península e das illas na esfera terrestre. Empregade globos terráqueos ou o planisferio do atlas.

- b) Na campaña política das eleccións ó Parlamento español de 1989, un coñecido líder dixo que na actualidade España tiña tanta importancia universal como non a tivera dende os tempos de Carlos I e Felipe II. ¿Que quixo dicir con esta frase? ¿É correcto o seu enunciado, comparando ambas situacións? ¿Que elementos definiran e definen a importancia universal do hispánico?

A EXPANSIÓN E INTEGRACIÓN NOUTROS ÁMBITOS TERRITORIAIS

- c) ¿Como diferenciaría-la influencia relativa do iberoamericano no mundo fronte ó anglosaxón? ¿De que modo e por que é máis influente un conxunto fronte ó outro? ¿Como delimitaría-las fronteiras do iberoamericano e o anglosaxón?
- d) A partir do ano 1986 repítese a frase «xa somos europeos» respecto dos españois. ¿Que eramos antes? ¿Que significa ser europeos?
- e) ¿Que organizacións interestatais repercuten máis na vida dos veciños dos pobos de España? ¿Como afectan á vida cotiá?
- f) ¿É incompatible a integración en ámbitos territoriais superiores ó Estado español co mantemento e potenciación da individualidade de cada pobo de España? Indica como sería compatible.

41 *Conclusiones da clase*



EN EQUIPO imos reflexionar sobre as cuestións traballadas individualmente. Para isto é preciso que anotéde-las conclusións nun papel e que o voceiro de cada equipo lea en voz alta estas conclusións. Deste xeito poderán ir escribindo no encerado AS CONCLUSIÓN DA CLASE, que deben ser anotadas novamente no voso caderno de traballo.

A EXPANSIÓN E INTEGRACIÓN NOUTROS ÁMBITOS TERRITORIAIS

Coas vosas aportacións persoais, así como coas anteriores reflexións do conxunto da clase, tratade de explica-los seguintes documentos (textos de opinión e argumentos), elaborados por Pedro Solbes, Menéndez Reigada, Vicens Vives, Floristán Samanes e mais Preston e Smith. Como veredes, hai algúns documentos que se publicaron xa hai anos, mentres que outros son máis recentes. Tentade contextualiza-los documentos cronoloxicamente, no seu marco temporal para poder analizalos correctamente.

Documentos 33, 34, 35 e 36

- ¿Cal é a terra de España?
- A terra de España é a maior parte da Península Ibérica, colocada providencialmente por Deus no centro do mundo.
- ¿Como é que a Península é o centro do mundo?
- A Península Ibérica é o centro do mundo porque ten arredor súa as súas catro grandes partes, a saber: ó norte, Europa, coa que limita polos Pireneos; ó sur, África, coa que limita por Melilla e Ceuta; ó leste, Asia, coa que nos une o Mediterráneo; e ó oeste, América coa que nos une ó Atlántico.

A. Menéndez Reigada, *Catecismo patriótico español*, Salamanca, 1939.

Considerando o universo percorrido por campos magnéticos de forzas xeopolíticas, albiscamos que os máis importantes inci-
den no territorio peninsular ou ben son dominados completamente polas súas bases estratéxicas (...) Galicia, as Canarias, o Estreito e as Baleares son as catro chaves hispanas dos camiños mundiais.

Vicens Vives, *España. Xeopolítica do Estado e do Imperio*, 1940.

A situación excéntrica e periférica da Península Ibérica respecto de Europa e o papel de territorio-ponte que desempeñou sempre ó longo da Historia entre África e Europa, entre o Mediterráneo e o Atlántico xustifican a diversidade antropolóxico-cultural das súas rexións. Pobos e culturas prehistóricas, protohistóricas e históricas pasaron e repasaron o Pireneo, que non constitúe un obstáculo insalvable nos seus extremos, ou o estreito de Xibraltar, que só mide 14 km de anchura. Unhas veces o territorio hispano facía de fondo de saco ou paradiro de migracións humanas e outras simplemente de zona de paso, pero de calquera xeito son moitas e fondas as pegadas que deixaron, ata o punto de que non sería esaxerado falar de palimpsesto etnolóxico-cultural.

A. Floristán Samanes, *España, País de contrastes xeográficos*, Madrid, Síntesis, 1989.

A OTAN. Aspectos xeopolíticos

Sen dúbida ningunha, a extraordinaria situación xeopolítica de España era o tema cardinal do interese do Goberno español en presenta-la solicitude de ingreso na Alianza Atlántica, así como do interese desta en recibila. A posición estratéxica de España é unha encrucillada do comercio e das comunicacións internacionais; militarmente supón a posibilidade de protexer ou de atrancar as rutas intercontinentais, marítimas e aéreas, que pasan polo seu territorio ou preto del. As extensas costas españolas coas súas catro vertentes, a que dá o golfo de Biscaia, a propiamente atlántica, a mediterránea e a que domina o estreito de Xibraltar, ofrecen numerosos *point d'appui* para os despregamentos navais. A ampla plataforma continental española de medio millón de quilómetros cadrados, protexida do veciño setentrional pola sólida cordilleira pirenaica, proporciona posibilidades semellantes para a acción e a intercepción por parte da forza aérea. A situación estratéxica de España queda reforzada pola súa posesión das Baleares no Mediterráneo, e das Canarias no Atlántico.

Ademais, a evolución da situación internacional veu subliña-la importancia estratéxica das vantaxes xeopolíticas naturais de España. A orografía da súa costa meridional (sen que sexa atranco a posesión de Xibraltar polos británicos), coa posesión de Ceuta no lado africano do Estreito, confírenlle o dominio dese paso natural que une o Mediterráneo co Atlántico. Pero é o clima actual de relacións entre as superpotencias o que dá todo o seu peso, tanto para o leste como para occidente, á circulación de unidades da Sexta Flota norteamericana como da Armada soviética entre o Atlántico e o Mediterráneo (ambas incluídas nun tráfico marítimo que promedia uns 150 barcos diarios), a través do estreito de Xibraltar. A integración de España na OTAN prometía desenvolver e protexe-las instalacións automaticamente dispoñibles para Occidente co fin de enviar homes e material ó flanco meridional da Alianza. Por iso, a condición do Goberno español –recollida no Acordo complementario VI a Tratado de Amizade e Cooperación de 1976 cos Estados Unidos– de que Wáshington debía retirar da base naval de Rota, no sur de España, os seus submarinos equipados con mísiles nucleares, tampouco disuadiu ós norteamericanos de promover-lo ingreso de España.

Paul Preston e Denis Smith,

España diante da CEE e a OTAN, Edit. Grijalbo, 1985.

ESPAÑA NA EUROPA DOS DOCE

Pedro Solbes Mira

Secretario de Estado para as Comunidades Europeas

O novo marco da economía e a sociedade españolas anchéase e muda na súa natureza. Un repaso das novas expectativas.

Dende agora os españois pasamos a constituírnos, xunto cos demais Estados-membros, en protagonistas deste proxecto en vías de realización que camiña cara á Unión Europea e que é a Comunidade actual. O Goberno español, a través dos seus ministros, está presente no Consello de Ministros da Comunidade, que é onde se adoptan as grandes decisións. Polo propio peso específico dos doce, esas decisións poden afectar a todo o comercio mundial e, logo, ás relacións internacionais en xeral. Na Comisión Europea, que é a institución motriz da integración, traballan xa dous comisarios (dos dezasete que hai) españois e, con eles, íranse incorporando outros moitos funcionarios españois que, sen dúbida, aportarán análises ou opinións diferentes. España, por medio do seu embaixador, forma parte, así mesmo, do Comité de Representantes Permanentes (o Coreper), que é o órgano encargado de prepara-las decisións do Consello de Ministros europeo. Ademais temos representantes no Comité Económico e Social, no Tribunal de Xustiza, no Banco Europeo de Investimentos (BEI), nos diferentes fondos estruturais e, en xeral, en tódolos comités especializados comunitarios. Por último, non hai que esquecer-los sesenta deputados españois que, dende agora, participan plenamente nos debates da Asemblea parlamentaria das Comunidades.

Ademais destas participacións institucionais nos órganos decisorios, o presidente do Goberno español toma parte activa, e en igualdade de condicións, nos cónsultos europeos, onde se deciden, no máximo nivel, as grandes orientacións da acción comunitaria en tódalas ordes, posto que estes cónsultos se ocupan tamén de temas que rebanan o estrito marco xurídico dos tratados.

Parellamente, as organizacións profesionais españolas que aínda non o conseguiran, poden exercer plenamente as súas capacidades nas organizacións e unións que actúan e influíren así na vida comunitaria.

No aspecto xurídico asumimos, o mesmo cós demais Estados-membros, a primacía do dereito comunitario sobre o nacional cando se presente calquera tipo de colisión entre normas; e un mesmo árbitro, o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, para dirimi-las diverxencias nos casos extremos.

En suma, consentimos unha considerable cesión da nosa soberanía nacional –como fixeron no seu día o resto dos Estados participantes–, a cambio de participar plenamente nun proxecto ambicioso e solidario, no que os nosos veciños comunitarios viñan traballando sen nós dende hai trinta anos.

As consecuencias para España desta grande operación pode tentar desvelalas calquera observador. Eu non me atrevo a dicir que o contido do acordo que negociamos, no que se conteñen numerosas medidas que rematarán de cumprirse en 1996 como data límite, é un bo acordo en termos xerais. Recoñezo que, nunha análise por sectores, uns saíron mellor parados ca outros. É un resultado lóxico en calquera acordo no que interveñen dúas partes. Asíñase cando as dúas partes estiman que ningunha delas pode obter máis da outra, e cando ambas consideran que polo menos conseguiron poñer a salvo o esencial.

Teño a seguridade de que nós saímos ben, e que se conseguiron equilibrios razoables, tanto entre os diferentes sectores como no interior de cada un deles. Agora ben, unha vez dito isto, coído que é o meu deber advertir inmediatamente sobre os graves riscos que entrañaría caermos agora na tentación de da-lo barco ó vento.

Anuario EL País, 1986

Unha vez lidos os documentos podedes compara-las vosas opinións coas que manteñen estes prestixiosos profesores. Indicade se cambian as vosas ideas, despois do debate en asemblea de clase e da lectura destes documentos.

42 Conclusións da clase



Conclusións finais das nosas ideas sobre a importancia de España no mundo. Facede un informe sobre os argumentos e opinións expresadas polo autores dos cinco documentos e comparádeos coas respostas individuais das preguntas iniciais (exercicio 40). Explicade por que establecedes diferencias entre os cinco documentos e entre estes e as vosas respostas.

A EXPANSIÓN E INTEGRACIÓN NOUTROS ÁMBITOS TERRITORIAIS

ESPAÑA E IBEROAMÉRICA.


Ademais das relacións con Europa, España proxéctase internacionalmente na comunidade iberoamericana. Imos reflexionar brevemente sobre estas cuestións:

43

Observa os mapas das figuras e coa axuda dun atlas e dun diccionario estatístico localiza o maior número de países de cultura e fala portuguesa e española. ¿Que proporcións significan sobre o total mundial?

O portugués e o español no mundo

Figura 22



A EXPANSIÓN E INTEGRACIÓN NOUTROS ÁMBITOS TERRITORIAIS

44

Partindo da consulta dos cadros estatísticos do comercio internacional de España, explica se se confirman as hipóteses dunha maior relación comercial con Iberoamérica. Busca argumentos sobre o maior ou menor peso específico destas relacións. ¿Que outras zonas xeográficas teñen unha maior relación e por que?

Cadro 3

Clasificación de países e territorios fornecedores (Importación xaneiro-setembro 1994)			Clasificación de países e territorios clientes (Exportación xaneiro-setembro 1994)		
Países	Importacións (mill. de pts.)	%	Países	Exportacións (mill. de Pts.)	%
1 Francia	1.543.148	17,37	1 Francia	1.402.854	19,96
2 Alemaña	1.303.648	14,67	2 Alemaña	993.692	14,14
3 Italia	796.870	8,97	3 Italia	653.599	9,30
4 Reino Unido	686.901	7,73	4 Reino Unido	586.012	8,33
5 EE. UU.	658.219	7,40	5 Portugal	541.286	7,70
6 Holanda	344.232	3,87	6 EE.UU.	359.313	5,11
7 Xapón	318.197	3,58	7 Holanda	300.217	4,27
8 Bélxica	290.303	3,26	8 Bélxica	207.288	2,94
9 Portugal	247.644	2,78	9 México	136.371	1,94
10 China	176.782	1,99	10 Xapón	90.370	1,28
11 Suíza	127.976	1,44	11 Arxentina	89.351	1,27
12 Suecia	112.417	1,26	12 Alxeria	87.633	1,24
13 Arabia Saudí	111.096	1,25	13 Suíza	86.295	1,22
14 Nixeria	107.942	1,21	14 China	73.753	1,04
15 Libia	99.841	1,12	15 Grecia	65.359	0,93
16 Rusia	96.307	1,08	16 Marrocos	64.660	0,92
17 Austria	94.875	1,06	17 Corea do Sur	59.194	0,84
18 Brasil	93.242	1,04	18 Austria	58.555	0,83
19 México	91.350	1,02	19 Hong Kong	52.182	0,74
20 Alxeria	87.452	0,98	20 Arabia Saudí	51.167	0,72
21 Irlanda	80.930	0,91	21 Suecia	50.817	0,72
22 Finlandia	77.555	0,87	22 Dinamarca	42.434	0,60
23 Corea do Sur	68.546	0,77	23 Israel	41.607	0,59
24 Dinamarca	68.390	0,76	24 Canadá	40.497	0,57
25 Taiwán	68.059	0,76	25 Andorra	39.803	0,56
26 Arxentina	66.873	0,75	26 Chile	37.574	0,53
27 Irán	62.916	0,70	27 Turquía	34.918	0,49
28 Indonesia	56.263	0,63	28 Singapur	33.364	0,47
29 Marrocos	48.350	0,54	29 Polonia	30.957	0,44
30 Noruega	45.142	0,54	30 Taiwán	28.741	0,40
31 Tailandia	42.068	0,47	31 Rusia	28.012	0,39
32 Canadá	35.652	0,40	32 Brasil	27.944	0,39
33 Sudáfrica	34.788	0,39	33 Cuba	26.387	0,37
34 Exipto	32.317	0,36	34 Australia	26.360	0,37
35 India	32.253	0,36	35 Finlandia	24.614	0,35
36 Singapur	31.438	0,35	36 Exipto	24.032	0,34
37 Australia	31.177	0,35	37 Noruega	23.971	0,34
38 Camerún	30.542	0,34	38 Irlanda	23.050	0,32
39 Malasia	30.031	0,33	39 Hungría	22.615	0,32
40 Chile	28.797	0,32	40 Colombia	22.514	0,32
41 Israel	26.180	0,29	41 Túnez	21.839	0,31
42 Turquía	25.995	0,29	42 India	19.272	0,27
43 Túnez	23.249	0,26	43 Uruguai	17.463	0,24
44 Grecia	22.768	0,25	44 Xibraltar	17.361	0,24
45 Siria	20.138	0,22	45 Venezuela	17.152	0,24
46 Colombia	19.928	0,21	46 Tailandia	16.843	0,23

"Once" A U.E. E A NOVA ORDE DO MERCADO MULTINACIONAL

Dende 1986 España pertence a unha organización inter estatal (C.E.E.) que exerce unha enorme influencia económica na vida dos españois. Posteriormente a unidade económica mudou en unidade política (U.E.), co que a influencia na vida dos cidadáns foi aínda maior. Para poder comprender estas novas relacións sociais e os novos territorios que se organizan, seleccionamos uns documentos a xeito de dossier.

45

Cos documentos que che imos presentar, e outros que poidas atopar ti mesmo, realiza un informe sobre estas cuestións, onde expliques e ofrezas a túa opinión sobre:

- 1) ¿Que é a C.E.E. (Comunidade Económica Europea) e a U.E. (Unión Europea)? ¿Cando e por que se incorpora España á Comunidade Económica Europea?
- 2) ¿Que obxectivos e cales son as políticas máis salientables? ¿Como funciona a Unión Europea?
- 3) ¿Cales son os problemas básicos que aparecen nas institucións europeas e na vida cotiá da U.E.?
- 4) ¿Que perspectivas aparecen de cara ós vindeiros anos? ¿Cal é a túa opinión sobre o futuro da Unión Europea?
- 5) A Unión Europea e as eurorexións.

A U.E. E A NOVA ORDE DO MERCADO MULTINACIONAL

DOSSIER DE DOCUMENTOS SOBRE A C.E.E. E A U.E.

Presentación e orixe da C.E.E. e a U.E.

Documento 1

Etapas históricas da formación da C.E.E. e principais impulsores da unidade europea.

Volvendo á construción propia de Europa sobre a idea de utiliza-la cooperación en cuestións prácticas, como base de maiores avances, que estivo na orixe das Comunidades, hai que sinalar algúns acontecementos fundamentais:

O 9 de maio de 1950, Robert Schuman, daquela ministro do goberno francés, inspirado por Jean Monnet, comisario do Plan de Modernización de Francia, propón a unificación dos recursos carboníferos e siderúrxicos de Francia e a R.F. Alemana (e dos países que se lles queiran engadir).

O 18 de abril de 1951 asínase o tratado en París, instituíndo a CECA, entre Francia, a R.F. Alemana, Italia e os membros do BENELUX.

O 10 de febreiro de 1953, para o carbón e o mineral de ferro, e o 1 de maio para o aceiro, faise efectivo o Mercado Común.

Os ministros de Asuntos Exteriores dos Seis acordan en Mesina (Italia) o 1, o 2 e o 3 de xuño de 1955 amplia-lo Mercado Común ó conxunto da economía (e á investigación sobre a enerxía nuclear). O Reino Unido, convidado, refuga participar nos traballos preparativos. Paul-Henri Spaak, ministro belga, foi o encargado de dirixi-lo grupo de expertos que houbo de prepara-lo estudio.

Os ministros dos Seis, de novo reunidos o 29 de maio de 1956, agora en Venecia, aproban o *Informe Spaak* e deciden comeza-las negociacións para amplia-lo Mercado Común.

O 25 de marzo de 1957, en Roma, asínanse os Tratados instituíndose a CEE e a CEEA (ou EURATOM), polos Seis.

A vida da **Europa dos Seis** pode, á súa vez, dividirse en dúas etapas. A primeira comprendería ata 1968, ano en que rematou o proceso de unión aduaneira e se aprobou a libre circulación de traballadores. No tempo desta danse os primeiros pasos da integración económica, fúndase (en 1960) por sete países europeos non integrados na CEE –Reino Unido, Portugal, Suecia, Noruega, Dinamarca, Suíza e Austria– a Asociación Europea de Libre Comercio (AELC ou EFTA), supéranse as primeiras crises na Comunidade, sobre todo, as producidas polas resistencias que opón a Francia de De Gaulle, a partir de 1958, ós avances da supranacionalidade, e, tamén polos seus vetos, en 1963 e 1967, ás solicitudes británicas de incorporación ó Mercado Común. Feitos tamén destacados desta etapa son as sinaturas do Tratado de Amizade Franco-Alemán o 22 de xaneiro de 1963 e a Convención de Yaundé, asociando á Comunidade a Madagascar e dezasete países do continente africano (antigas colonias francesas) o 20 de xullo do mesmo ano.

Jean Monnet (1888-1979), empresario e político francés. Durante a I Guerra Mundial traballou nos Comités Interaliados de aprovisionamento. Despois foi secretario xeral adxunto da Sociedade de Nacións. En 1923 dimitiu como tal para adicarse ás súas actividades privadas, colaborando con distintos bancos americanos; dispuña de negocios propios en Nova York e San Francisco, e investimentos en Europa e na China. Durante a 2ª Guerra Mundial participou en múltiples actividades cos aliados; suxeríulle a Churchill, en 1940, a confederación franco-británica, etc. En 1945 foi ministro de Comercio con De Gaulle e máis tarde (1947-53), como comisario de Recuperación e Modernización, desenvolveu o programa que leva o seu nome. Promotor da concepción funcionalista para a integración europea, tivo un importante papel (persoal e a través de Schuman) na fundación da CECA, que presidiu no período 1952-55.

SCHUMAN, Robert, político francés (Luxemburgo 1886 - Scy-Chezelles, Mosela, 1963). Deputado do M.R.P. dende 1945 deica 1962, ministro de Finanzas (1946-1947), sucedeu a Ramadier como presidente do consello (nov. 1947 - xuño 1948). De 1948 a 1953 foi ministro de Asuntos Exteriores, e esforzouse na organización de Europa proponendo (maio de 1950) a Comunidade Europea do Carbón e o Aceiro, antecedente da Europa dos Seis, e preparando, polo acordo de París (1952), a Comunidade europea de defensa. O feble apoio que recibiu da asemblea para esta política levouno a presenta-la dimisión. Foi ministro de Xustiza (1955-1956), presidente do Movemento Europeo (1955) e da Asemblea parlamentaria europea de Estrasburgo (1958).

Manuel Abeijón et alii,

A Europa dos doce,

colección Aula Abierta, edit. Salvat, 1986.

A U.E. E A NOVA ORDE DO MERCADO MULTINACIONAL

Europa, de seis a quince

Documento 2

M. A. Bastenier

Europa é unha mancha de aceite dentro dun continente que se estende adoptando con cada nova ampliación formas en absoluto caprichosas, que sempre dixeron moito do seu futuro, dos seus anxeos e posibilidades. Co seu último espasmo de apetito, a Comunidade, que naceu con seis membros en 1957, acadará o vindeiro 1 de xaneiro unha cifra respectable que fala de escaramuzas, futuras expansións, dunha xeopolítica de quince en definitiva.

Cando o tratado de Roma creaba a primeira Europa, cosida máis que unida, os seus seis elementos fundacionais, Francia, Alemaña, Italia e o trío do Benelux, debuxaban xa unha forte realidade no mapa.

Aquela Europa era unha extensa base central: Francia e Alemaña, escorada cara a Occidente, posto que o Estado xermánico era só a República Federal, amoldábase cunha sucinta xiba belga e holandesa que lle daba un excelente acceso ó mar británico, e xebra o Mediterráneo en dous, ollando a outro continente, a penas a través dunhas brazas de mar, ó lonxe da súa extremidade italiana. En 1973 Europa acadaba unha nova dimensión insular. As Illas Británicas eran o Atlántico norte, e Dinamarca unha cabeza de ponte no mundo escandinavo. Tódalas grandes familias etnoculturais europeas estaban xa representadas no mapa comunitario, salvo o mundo eslavo, hoxe aínda na antecámara.

Estas culturas son: o mundo latino cos actuais 120 millóns de habitantes de Francia, Italia e Bélxica, na súa meirande parte católicos; o mundo anglo-xermánico, que reunía outros tantos millóns, con algo máis de dous tercios de protestantismo, un resto de católicos renanos, bávaros e irlandeses, e unha miúda congregación de viquingos, tamén seguidores de Lutero. Esa Europa perdía entón a súa estricteza contigua xeográfica coa inclusión inglesa cara ó Gran Sol, mentres que Irlanda, illote gaélico nun océano de anglosaxóns, despedía un forte relento de emigración americana. En 1981 unha punta filo-asiática do continente, suposto berce xeral da nosa civilización, a Hélade, establecíase na CE como vixía e freo dos turcos, parente dos árabe-semitas e baixo ventre maríti-

mo de toda a Europa suesa e comunista. Uns 10 millóns de ortodoxos facían a súa viaxe de volta á casa, coma se un cisma de dez séculos non servise para nada.

En 1986 dúas grandes e antigas nacións, España e Portugal, cos seus case cincuenta millóns de católicos, daban unha segunda pata meridional ó gran tronco franco-xermánico. Se a Gran Bretaña podía se-lo brazo que acena coa man cara ó *grand large*, os Estados ibéricos eran as extremidades que completaban as costas mediterránea e atlántica, mirábanse ós ollos de Marrocos e, sobre todo, berraban unha dobre prolongación lingüística: Europa por fin fala as dúas grandes linguas ó sur do Río Bravo. A Comunidade gañaba coherencia territorial, profundidade estratéxica e abrazaba a toda a latinidade, salvo ós nosos curmáns separados do Danubio romanés.

En 1995 as formas exprésanse e concretanse. O acceso de Austria –outros 8 ou 9 millóns de católicos– dálle *arrière pays* a Alemaña, foza grandemente no mundo eslavo, planta os seus reais no vecindario deste triángulo formado por Varsovia, Praga e Budapest; Finlandia e Suecia –cun número algo mais grande de luteranos– despídese de Noruega, refuxiada na soberbia do seu *non*, e vencellan Europa ó frío polar. E se Estocolmo acaba de pecha-lo Báltico polo oeste, Helsinqui ábrese cara a Moscú en tanto que inquire seriamente a estonios, lituanos e letóns.

Esta nova comunidade de 340 millóns de habitantes, 60% de católicos, 35% de protestantes e unha tropiña de ortodoxos; sen lingua maioritaria pese ós 85 millóns de xermanófonos, pero con tres idiomas, inglés, español e portugués, que se fan do mundo pola súa vasta multiplicación americana, que é continental no seu eixo franco-xermánico, coas súas prolongacións ibérica e italiana; que é pan-insular no británico; e un tanto excéntrica nas súas marcas fronteirizas: o escandinavo no lindeiro do mar xeado, e o heleno diante do Oriente, resulta hoxe moito e pouco á un tempo.

Pouco porque non están tódolos que son e moito porque tampouco son tódolos que están.

El País, 4-XII-1994


A UNIÓN EUROPEA COMEZOU ONTE O MÁIS AMBICIOSO PROCESO DE AMPLIACIÓN

Os ministros de Asuntos Exteriores da Unión Europea abriron onte en Bruxelas cos seus homólogos de once países europeos a máis ambiciosa ampliación da Comunidade, coa que se pretende logra-la unificación do continente. O carácter histórico desta nova ampliación, subliñado onte por tódolos participantes, non pode agochar, sen embargo, as enormes dificul-

tades que implicará o proceso. O ministro español Abel Matutes, que, no nome de España saudou «con alborozo» o comezo da ampliación, prediciu, non obstante, que o camiño cara á unidade de Europa será «longo».

La Voz de Galicia,
29-III-1998

Figura 1



Anuario El País, 1998

As tres institucións que deben colaborar estreitamente no proceso xeral de adopción de decisións son: **A Comisión**, que co seu dereito de iniciativa é responsable do traballo preparatorio; o **Parlamento Europeo**, ó que se lle fan as propostas das cales emite dictames; e o **Consello**, que tamén emite dictames e que segue a se-lo órgano lexislativo principal.

As decisións tomadas non teñen todas o mesmo grao de obrigatoriedade, e así poden adopta-las seguintes formas:

- * **O Regulamento:** De alcance xeral e que debe ser aplicado directamente por cada estado membro. Entra en vigor despois da súa publicación no Diario Oficial das Comunidades Europeas.
- * **A Directiva:** Obriga ó Estado membro só en canto ó resultado que debe acadarse, deixando na súa man os medios para facelo, pero fixándolle un prazo. Entra en vigor despois de ser notificado ós seus destinatarios.
- * **Recomendacións e dictames:** Non teñen carácter vinculante.

Para adoptar decisións hai **catro procedementos** principais, aplicándose cada un segundo o tema que se vaia tratar:

Procedemento de consulta: Require un dictame do Parlamento antes de que o Consello adopte unha proposta lexislativa presentada pola Comisión. Este sistema aplícase, por exemplo, á fixación dos prezos agrícolas.

Procedemento de cooperación: Require dúas lecturas no Parlamento dos textos lexislativos, dando opción ós deputados de emendar e revisa-las propostas. Este sistema aplícase en áreas como o FEDER, a investigación, o medio ambiente e a política de axuda ó desenvolvemento.

Procedemento de codecisión: Reparte o poder de adopción de decisións entre o Parlamento e o Consello. Establécese a posibilidade de formar un comité de conciliación entre ambos e, se non fose posible o acordo deste xeito, o Parlamento pode desbota-la proposta na súa totalidade. Aplícase en temas como a libre circulación, a protección ó consumidor, a educación, a cultura, a sanidade e as sedes europeas.

Procedemento de dictame conforme do Parlamento: Utilízase para acordos de gran transcendencia como a adhesión dos novos estados membros, acordos de asociación con terceiros países, organización e obxectivos dos Fondos Estructurais e de Cohesión e as competencias do Banco Central Europeo. Neste procedemento o Parlamento só pode denegar ou aproba-lo texto que se lle presente, pero no pode introducir modificacións.

O sistema de voto

Dado que o **Consello** é o órgano que xeralmente ten a última palabra para tomar decisións (agás no procedemento de codecisión), cómpre que nos fixemos no sistema de voto que emprega.

Algunhas decisións apróbanse por **maioría simple**, e neste caso abundan oito votos dos quince Estados membros.

A U.E. E A NOVA ORDE DO MERCADO MULTINACIONAL

Pero a maior parte das decisións adóptanse por unha **maioría cualificada**, na que os votos de cada país son ponderados segundo a súa poboación do seguinte xeito:

	Poboación	Votos no Consello de Ministros	Habitantes por voto
Alemaña	80.600.000	10	8.060.000
Italia	56.900.000	10	5.690.000
Reino Unido	57.900.000	10	5.790.000
Francia	57.500.000	10	5.750.000
España	39.100.000	8	4.887.500
Holanda	15.200.000	5	3.040.000
Grecia	10.300.000	5	2.060.000
Bélxica	10.000.000	5	2.000.000
Portugal	9.800.000	5	1.960.000
Dinamarca	5.200.000	3	1.730.000
Irlanda	3.500.000	3	1.660.000
Luxemburgo	400.000	2	200.000
Suecia	8.600.000	4	2.150.000
Austria	7.900.000	4	1.975.000
Finlandia	5.000.000	3	1.660.000
Os 15	TOTAL	87	48.612.500

Maioría cualificada: 62 votos, minoría de bloqueo: 26 votos.

Fonte: Elaboración propia a partir de varios documentos da U.E.

Como podemos observar, este sistema presenta desequilibrios a pesar da ponderación, pois os países pequenos aparecen amplamente representados (Luxemburgo: 1 voto cada 200.000 habitantes), mentres que cos grandes sucede o contrario (Alemaña: 1 voto cada 8 millóns de habitantes). Sen embargo, os grandes, polo seu maior peso político, posúen moita máis capacidade de manobra, e tamén poden artellar con mais facilidade unha **minoría de bloqueo** contra algunha proposta que non lles conveña, sen necesidade de acudir á formalidade do **veto**, o cal se lle reconece na práctica a calquera Estado cando están en xogo os seus intereses vitais, pero do que non hai que abusar porque podería bloquea-lo funcionamento da U.E.

De continua-la ampliación da U.E. a outros Estados como é previsible, este sistema debería ser modificado, pois os países medios como España terían aínda máis dificultades para artellar minorías de bloqueo contra aquelas propostas que a poidan prexudicar.

Integración

SEN FRONTEIRAS na nova Europa

Mañá entra en vigor o acordo de Schengen, que anula os controis interiores en sete países da UE, entre eles, España.

A partir de mañá, cando entra, por fin, en vigor o Acordo de Schengen, os españois podemos viaxar sen ensina-lo pasaporte ou o carné de identidade tanto por terra como por aire ou mar, a Portugal, Francia, Alemaña, Bélxica, Holanda e Luxemburgo.

Por exemplo, un canario en Tenerife ou un andaluz en Málaga pode comprar un billete de avión a Hamburgo e ir facendo escalas en París e Bruxelas coma se utilizaran voos interiores sen ter que someterse a ningún tipo de control, nin persoal nin de equipaxes.


E o mesmo lle pasaría, por pór outro exemplo, ó natural da Coruña que sente ó volante do seu coche e se poña a percorrer Europa, que non necesitará identificarse ata chegar a **Frankfurt-am-der-Oder**, a fronteira xermanopolaca, é dicir, máis aló de onde antes estaba o «pano de ferro» (que dividía Alemaña).

Un español poderá viaxar de Cádiz á fronteira de Polonia sen amosar un pasaporte ou un carné de identidade.

Caerá algunha copa de champaña

Os axentes españois na fronteira con Francia coidan que todo está baixo control, pero un sindicato policial europeo denuncia que haberá problemas.

Diario 16. Crónica (25-III-95)



A U.E. E A NOVA ORDE DO MERCADO MULTINACIONAL

OUTRAS INSTITUCIÓNS COMUNITARIAS

COMITÉ DAS REXIÓNS	TRIBUNAL DE CONTAS
COMITÉ CONSULTIVO DA CECA	BANCO EUROPEO DE INVESTIMENTOS
COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL	BANCO CENTRAL EUROPEO
COMITÉS ESPECIALIZADOS	

COREPER: Comité de Representantes Permanentes (prepara traballos do Consello e executa os mandatos que este encarga)

COMITÉS ESPECIALIZADOS: Monetario, de política conxuntural, de política económica e medio prazo, de política orzamentaria, de transportes, científico e técnico, permanente de emprego, etc.

FONDOS: Fondo Europeo de Desenvolvemento (FED), Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícolas (FEOGA), Fondo Social Europeo (FSE), Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Fonte: Elaboración propia

As etapas do Euro

Documento 6

2 de maio de 1998, os xefes de Estado e de Goberno deciden que Estados membros serán os primeiros en participar na moeda única, segundo os criterios de converxencia e os resultados económicos de 1997.

O antes posible despois de dita decisión, os Estados membros nomean o cadro directivo do BCE. O BCE e o Consello fixan a data de introducción dos billetes e moedas en euros. O SEBC comeza a emisión de billetes en euros. O Consello e os Estados membros comezan a acuñación dos euros.

Antes do 1 de xaneiro 1999, preparación final do BCE e do SEBC. O Consello adopta a lexislación relativa á clave de reparto para a subscripción de capital, a recollida de datos estatísticos, as reservas mínimas, a consulta do BCE e as sancións e multas que poden imporse ás empresas. O BCE e o SEBC prepáranse para a fase operacional: creación do BCE, adopción do marco regulador, posta a proba da política monetaria, etc.

1 de xaneiro de 1999, inicio da terceira fase da UEM. O Consello fixa irrevogablemente os tipos de conversión das moedas dos países participantes, entre si e con respecto ó euro. O euro convértese nunha moeda de pleno dereito; deixa de existir a cesta oficial do ecu. Entra en vigor o Regulamento do Consello que define o marco xurídico para a introducción do euro.

A partir do 1 de xaneiro de 1999, o SEBC define e pon en práctica a política monetaria única en euros e dirixe na mesma moeda as operacións de cambio. Os estados membros emiten novos títulos de débeda pública en euros.

Do 1 de xaneiro de 1999 ó 1 de xaneiro do 2002, como moi tarde, o SEBC intercambia á par as divisas, aplicando os tipos de cambio fixados irrevogablemente. O SEBC e as autoridades públicas dos Estados membros supervisan o proceso de paso á moeda única nos sectores bancario e financeiro, e axudan a todos os sectores económicos a prepara-lo paso á moeda única.

1 de xaneiro do 2002, como moi tarde, o SEBC pon gradualmente en circulación os billetes en euros e retira os billetes en moedas nacionais. Os Estados membros poñen gradualmente en circulación as moedas en euros e retiran as moedas en moeda nacional. Remate do proceso.

1 de xullo do 2002, como moi tarde, fin da transición ó euro para os Estados membros participantes.

Comisión Europea: *Europa: Preguntas e respostas.*
Oficina de publicacións Oficiais das Comunidades Europeas, 1997.

BCE.- Banco Central Europeo
SEBC.- Sistema Europeo de Banco Centrais



ENEKO LANDABURU

Director xeral
de Desenvolvemento Rexional da Comisión Europea

UN PRINCIPIO DE EQUIDADE REXIONAL, LONGAMENTE AGARDADO, SOBREVIVA EUROPA

As actuais correntes de internacionalización da actividade económica, aumentadas polos acontecementos que en 1990 iniciaron o proceso de liberalización de certas economías de planificación centralizada, están motivando que os países da Europa occidental se enfronten a un proceso de integración económica cada vez maior.

Este proceso integrador é aínda máis forte na Europa dos Doce como consecuencia do compromiso tomado polos Estados membros —a través da sinatura da Acta Única— de levar a cabo a creación dun gran mercado a partir de 1993, que vai ter un impacto considerable nas actuais relacións económicas, sociais e culturais.

Unha das incógnitas que se presentan en primeiro lugar é se a posta en marcha do mercado único producirá, e en que medida, unha diminución das disparidades económicas e sociais da Europa comunitaria.

Acada-lo obxectivo esencial dun maior equilibrio é algo que quedou plasmado no texto da Acta Única e que responde ás lexítimas aspiracións e esperanzas das rexións máis desfavorecidas da Comunidade, co desexo de que a súa contribución á Unión Europea se reflicta nun aumento do seu grao de desenvolvemento e o seu nivel de vida mediante a combinación de dous factores: a axuda dos demais países membros e, o que é de gran importancia, dos seus propios esforzos.

¿En que medida a Comunidade Europea vai apoiar as accións programadas nesas rexións? Abonde dicir que as intervencións comunitarias a través dos fondos estruturais (1) acadarán no quinquenio 1989-1993 a cifra de 60.315 millóns de ecus (2) dos cales 11.362 millóns serán destinados ás distintas rexións españolas obxecto de axuda comunitaria.

Todo isto, con ser de importancia, non abonda, xa que, como contrapartida, é preciso esixir dos Estados e das propias rexións, na proporción que lle corresponda a cada unha delas, que aseguren que a súa contribución sexa real, e que supoña unha verdadeira adicionalidade; doutro xeito, a política rexional comunitaria fallaría no seu papel dinamizador.

Pero onde as rexións menos desenvolvidas de Europa han desempeñar un papel primordial é na posta en práctica de todas aquelas medidas que, deseñadas conxuntamente polas diferentes administracións, han servir para corrixi-los desequilibrios socioeconómicos actualmente existentes.

Nesa dirección resulta necesario que as rexións ofrezan un número cada vez maior de vantaxes locais, non só de natureza económica —como son unha man de obra cualificada, infraestructuras físicas, servicios empresariais especializados, etcétera—, senón tamén aquelas de carácter cultural, deportivo, de educación, medio ambiente, etcétera, que sirvan para reter ou

atraer-los investimentos necesarios para o despegue económico.


Non dubidamos de que o aproveitamento das vantaxes comparativas que cada rexión posúe, así como as posibilidades da implantación de novas tecnoloxías axeitadas ás súas características, o aproveitamento dos recursos naturais insuficientemente explotados, etcétera, se se levan a cabo de xeito efectivo, contribuirá eficazmente á desaparición dos desequilibrios existentes, xunto co efecto adicional que producirá a medra xeral da Comunidade, derivada da realización da Unión Económica e Monetaria e do mercado interior.

Consciente diso, a actual política rexional da Comunidade —á que se lle esixe a máxima eficacia en termos de competitividade e produtividade— a través da figura da cooperación levou a cabo unha certa descentralización administrativa co fin de achegar ós diferentes axentes socioeconómicos a capacidade de decisión e xestión, facilitando así a necesaria coordinación que debe existir, tanto no ámbito comunitario como nacional e rexional.

O papel activo que van desempeñar estas rexións parece fundamental unha vez que desaparecieron os impedimentos, tanto de natureza política como financeira, que ata un pasado recente dificultaban a súa participación. Agora correspóndelles en gran parte poñer en xogo os recursos financeiros e humanos de que dispoñen para que as súas fundadas esperanzas de desenvolvemento sexan unha realidade.


A U.E. E A NOVA ORDE DO MERCADO MULTINACIONAL

Figura



A U.E. E A NOVA ORDE DO MERCADO MULTINACIONAL

Figura



A U.E. E A NOVA ORDE DO MERCADO MULTINACIONAL

LISTA DAS REXIÓNS ORDENADAS XEOGRAFICAMENTE. (NIVEL II)

ALEMAÑA	D		Languedoc-Roussillon	F	81
Schleswig-Holstein	D	10	Provenza-Alpes-C. d'Azur	F	82
Hamburgo	D	20	Córsega	F	83
Hiedersachsen	D	30	ITALIA	I	
Braunschweig	D	31	Noroeste	I	10
Hannover	D	32	Piamonte	I	11
Lueneburg	D	33	Val de Aosta	I	12
Weser-Ens	D	34	Liguria	I	13
Bremen	D	40	Lombardía	I	20
Nordrhein-Westfalia	D	50	Nordeste	I	30
Duesseldorf	D	51	Trentino-Alto Adige	I	31
Koeln	D	52	Veneto	I	32
Muenster	D	53	Friuli-Venecia Giulia	I	33
Defnold	D	54	Emilia-Romaña	I	40
Ainsberg	D	55	Centro	I	50
Hessen	D	60	Toscana	I	51
Darmstadt	D	61	Umbría	I	52
Gressen	D	62	Marche	I	53
Kassel	D	63	Lazio	I	60
Rheinland-Pfalz	D	70	Campania	I	70
Koblenza	D	71	Abruzzos-Molise	I	80
Trier	D	72	Abruzzos	I	81
Rheinessen-Pfalz	D	73	Molise	I	82
Baden-Wuerffemberg	D	80	Sur	I	90
Stuttgart	D	81	Puglia	I	91
Karlsruhe	D	82	Basilicata	I	92
Friburgo	D	83	Calabria	I	93
Tubinga	D	84	Sicilia	I	100
Bayern	D	90	Sardegna	I	110
Oberbayern	D	91	PAÍSES BAIXOS	NL	
Niederbayern	D	92	Noord-Nederland	NL	10
Oberfalz	D	93	Groningo	NL	11
Oberfranken	D	94	Friesland	NL	12
Mittelfranken	D	95	Drenthe	NL	13
Unterfranken	D	96	Dosr-Nederland	NL	20
Schwaben	D	97	Overijssel	NL	21
Saartand	D	100	Güeldres	NL	22
Berlín (Oeste)	D	110	West-Nederland	NL	30
FRANCIA	F		Utrecht	NL	31
Illa de Francia	F	10	Holanda Setentrional	NL	32
Bassin parisien	F	20	Holanda Meridional	NL	33
Champaña-Ardenas	F	21	Zelanda	NL	34
Picardía	F	22	Zuid-Nederland	NL	40
Alta-Normandía	F	23	Brabante Setentrional	NL	41
Centro	F	24	Limburgo (N)	NL	42
Baixa-Normandía	F	25	BÉLXICA	B	
Borgoña	F	26	Vlaams Gewest	B	10
Norte-Pas-de-Calais	F	30	Rexión Valona	B	20
Leste	F	40	Rex. Bruxelas/Bruss. Gew.	B	30
Lorena	F	41	Antuerpe prov.	B	1
Alsacia	F	42	Brabante	B	2
Franco-Condado	F	43	Hainaut	B	3
Oeste	F	50	Liexa prov.	B	4
País do Loira	F	51	Limburgo (B)	B	5
Bretaña	F	52	Luxemburgo (B)	B	6
Poitou-Charentes	F	53	Namur prov.	B	7
Sudoeste	F	60	Oost-Vlaanderen	B	8
Aquitania	F	61	Oeste-Vlaanderen	B	9
Midi-Pireneos	F	62	LUXEMBURGO (G.D.)	L	10
Limousin	F	63			
Centro-Lests	F	70			
Rhone-Alpes	F	71			
Auvernia	F	72			
Mediterráneo	F	80			

A U.E. E A NOVA ORDE DO MERCADO MULTINACIONAL

GRAN BRETAÑA	UK		Asturias	ESP	12
Norte	UK	10	Cantabria	ESP	13
Cleveland, Durham	UK	11	Noroeste	ESP	20
Cumbria	UK	12	País Vasco	ESP	21
Northumber, Tyne & Wear	UK	13	Navarra	ESP	22
Yorkshire & Humberside	UK	20	A Rioxa	ESP	23
Humberside	UK	21	Aragón	ESP	24
North Yorkshire	UK	22	Madrid	ESP	30
South Yorkshire	UK	23	Centro	ESP	40
West Yorkshire	UK	24	Castela León	ESP	41
East Midlands	UK	30	Castela A Mancha	ESP	42
Derbysh., Hollinghamsh	UK	31	Estremadura	ESP	43
Leices, sh. Horthamps.sh.	UK	32	Leste	ESP	50
Lincolnshire	UK	33	Cataluña	ESP	51
East Anglia	UK	40	Com. Valenciá	ESP	52
South East	UK	50	As Baleares	ESP	53
Bedfe-dsh., Hertfordsh	UK	51	Sur	ESP	60
Berk.sh., Buck, sh.Oxf. sh.	UK	52	Andalucía	ESP	61
E. Sus., Surrey, W. Sus.	UK	53	Murcia	ESP	62
Essex	UK	54	Ceuta e Melilla (*)	ESP	63
Greater London	UK	55	As Canarias (*)	ESP	70
Hampshire, Isle of Wight	UK	56	<i>* Enclave situado no continente africano</i>		
Kent	UK	57	PORTUGAL	POR	
South West	UK	60	Norte do continente	POR	10
Avon, Glou. sh. Wilt sh.	UK	61	Norte	POR	11
Cornuall, Devon	UK	62	Centro	POR	12
Dorset, Somerset	UK	63	Continente Sul	POR	20
West Midlands	UK	70	Lisboa e Vale Texo	POR	21
Heref. & Worc., Warw. sh.	UK	71	Alentexo	POR	22
Salog, Staffordshire	UK	72	Algarve	POR	23
West Midlands Country	UK	73	Illas	POR	30
North West	UK	80	Os Azores	POR	31
Cheshire	UK	81	Madeira	POR	32
Greater Manchester	UK	82	AUSTRIA	O	
Lancashire	UK	83	Ostösterreich	O	10
Merseyside	UK	84	Burgenland	O	11
Gales	UK	90	Niederösterreich	O	12
Clwy. Dyfe, Gwyn, Powy	UK	91	Viena	O	13
Gwen., M.S.W. Glamorg	UK	92	Südösterreich	O	20
Escocia	UK	100	Kärnten	O	21
Bor, Cen., Fif, Lot, Tay	UK	101	Steiermark	O	22
Dum. & Gal., Strathelyde	UK	102	Westösterreich	O	30
Grampian	UK	103	Oberösterreich	O	31
Highlands, Islands	UK	104	Salzburgo	O	32
Irlanda do Norte	UK	110	O Tirol	O	33
IRLANDA	IRL	10	Voralberg	O	34
DINAMARCA	DK	10	SUOMI/FINLANDIA	FIN	
Hoveostadsregionen	DK	11	Manner-Suomi	FIN	10
Ost for Storebaelt	DK	12	Uusimaa	FIN	11
Vest for Storebaelt	DK	13	Etelä-Suomi	FIN	12
GRECIA	GR		Itä-Suomi	FIN	13
Anat. Stereas ke Nison	GR	1	Väli-Suomi	FIN	14
Kent. ke Dit. Makedonias	GR	2	Pohjois-Suomi	FIN	15
Pelop. & Dif. Ster. Ell.	GR	3	Ahvenanmaa/Aland	FIN	20
Thessalias	GR	4	SUECIA	SV	10
Anatalikis Makedonias	GR	5	Stockholm	SV	11
Kritis	GR	6	Oestra Mellansverige	SV	12
Ipireu	GR	7	Smaaland Med Oearna	SV	13
Thracis	GR	8	Sydsverige	SV	14
Niset. Anatolikou Egeou	GR	9	Vaestsverige	SV	15
ESPAÑA	ESP		Norra Mellansverige	SV	16
Noroeste	ESP	10	Melleestra Norrland	SV	17
Galicia	ESP	11	Oevre Norrland	SV	18

A UNIÓN EUROPEA APOIA O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA E O NORTE PORTUGUÉS

A Dirección Xeral XVI da UE financiará con 200.000 ecus a elaboración do primeiro plan estratéxico da eurorexión Galicia-norte de Portugal, que será redactado a partir do vindeiro febreiro. A nova foi confirmada onte polo presidente do Eixo Atlántico, o alcalde vigués Manuel Pérez, no decurso da inauguración do Observatorio Urbano e o Centro de Negocios. Ó acto, celebrado no Club Financeiro de Vigo, asistiron o 90% dos socios do Observatorio e unha ampla representación das dezoito cidades integradas no Eixo Atlántico.

VIGO. M.A.R.
Redacción.

O Plan Estratéxico do Eixo Atlántico será o primeiro estudo concreto realizado entre as dezoito cidades da eurorexión, coa intención de planificar liñas de actuación complementarias, en materia política, económica e social.

A intención é comeza-los traballos en febreiro de 1998, con dúas claves innovadoras. Dunha banda, a Comisión Europea non só apoiará o financiamento do proxecto, senón que participará activamente na súa elaboración.

Deste xeito, os criterios de crecemento das cidades do Eixo Atlántico gardarán consonancia co ordenamento xeral do territorio europeo.

Por outra banda, a aplicación dos resultados será inmediata. A idea é que ó mesmo tempo que se tiren conclusións, os proxectos emanados das mesmas poidan facerse realidade, tanto os relativos a infraestructuras, como ás iniciativas sociais, turísticas ou culturais.

A colaboración da Unión Europea neste proxecto consolida o peso da eurorexión Galicia-norte de Portugal en Bruxelas. A través dos programas Recite e Recite II, ambos integrados nos fondos Feder para o desenvolvemento rexional, o Eixo Atlántico conseguiu apoios para a posta en marcha do Observatorio Urbano (primeiro banco de datos de Galicia e o norte de Portugal), e para o proxecto Milenium de internacionalización de empresas.

Nos próximos meses será presentado un novo proxecto, no marco do programa Ecos Ouverture, que baixo a denominación *Fronteiras 2000* busca mellora-las condicións de converxencia e adaptación ó euro das cidades integradas.

Onte, a presentación do Observatorio Urbano contou coa participación da maioría dos trinta socios, entre os que figuran as universidades galegas e do norte luso, así como as principais organizacións empresariais da eurorexión e as institucións públicas.

O Observatorio, primeiro banco de datos das dezoito cidades do Eixo, estará situado na Zona Franca de Vigo, onde operará en colaboración co proxecto Ardán, un dos directorios empresariais máis prestixiosos de España.

El País

09-III-1998

BRUXELAS MANTERÁ O FONDO DE COHESIÓN PARA ESPAÑA, PERO CON MÁIS CONDICIÓNS E MÁIS CONTROL

Xavier Vidal-Foch
BRUXELAS.

A Comisión Europea está decidida a mante-lo fondo de cohesión, no paquete financeiro 2000-2006, para España e os outros tres países beneficiarios anque entren no euro. A cambio, endurece algunhas condicións e controis: retirará as subvencións á primeira sospeita de que incorren en déficit excesivo incumprindo o Pacto de Estabilidade. Así se recolle no proxecto do novo regulamento, ó que tivo acceso *El País*. O regulamento fai oídos xordos ós que querían botar abaixo este fondo para os países da cohesión (España, Irlanda, Portugal e Grecia) que accedesen ó euro.

O regulamento confirma e desenvolve, así, a Axenda 2000, ó lembrar que a «converxencia nominal» ou macroeconómica que permite a alza da moeda única non implica automaticamente a «converxencia real», ou acercamento dos niveis reais de renda.

Os países pobres seguiralles sendo máis duro reduci-lo seu déficit, polo que se pretende continuar con este fondo subvencionador das redes de transporte e medio ambiente. Sen el, correríase o risco de iugulár-lle-la capacidade de investimento público, dada a austeridade orzamentaria.

O Fondo de Cohesión non é a parte do león do conxunto dos estruturais. Pero é moi substancial: España recibe anualmente del uns 200.000 millóns de pesetas (véxase gráfico), por uns 800.000 millóns do resto. Para o período comprendido entre o ano 2000 e o 2006, o Fondo dotarase con 20.300 millóns de euros (arredor de 3,3 billóns de pesetas), dos que España recibirá entre o 52% e o 58%, un mínimo de 1,7 billóns de pesetas en todo o período, un cuarto de billón anual.

«A introducción da moeda única non modificará» as diferen-


cias de renda, dise no borrador que a Comisión discutirá e aprobará o vindeiro día 18.

É dicir, os catro «países da cohesión» seguirán exhibindo un PIB inferior ó 90% da media comunitaria no ano 2000. Prevese que Irlanda o supere ó pouco tempo, polo que se revisará a súa continuidade a medio período, no ano 2003. Pero «nada xustifica desestabilizar» un «instrumento que funciona moi satisfactoriamente», defende.

A cambio de satisfacer con esta continuidade as aspiracións dos países do sur, endurecése algún dos seus aspectos. O máis decisivo é que os beneficiarios que accedan ó euro poderán perdelo instantaneamente se incumpren o Pacto de Estabilidade incorrendo nun déficit excesivo, superior ó 3% do PIB fixado no Tratado de Maastricht.

A U.E. E A NOVA ORDE DO MERCADO MULTINACIONAL

Transferencias comunitarias a España



Fonte: Orzamentos Xerais do Ministerio de Economía e Facenda.

Valencia recibirá menos axuda e as zonas con paro terán máis

As rexións con renda inferior ó 75% da media comunitaria (as do obxectivo 1) recibirán dous tercios do total de 210.000 millóns de euros adicados á política estrutural, segundo estableceu a Axenda 2000 e confirma o novo regulamento dos Fondos Estructurais (Desenvolvemento Rexional, Social, Feoga/desenvolvemento rural, e Pesca), ó que tamén accedeu este periódico.

Iso significa que quen supera dito límite poderá recibir axudas doutro obxectivo, pero non do 1. Será o caso de Valencia e Cantabria (tamén de Lisboa e de Córsega), se as cifras de 1996 non varían as actuais. O cálculo realízase sobre o promedio dos tres últimos anos.

A análise sobre os exercicios de 1993, 1994 e 1995, indicaba que Valencia e Cantabria superan o 75% e deixaron de ser rexións pobres. Pero o cálculo definitivamente válido farase no outono, con cifras de 1994, 1995 e 1996. A expectativa de Valencia é que o aumento do seu padrón (nuns 200.000 habitantes) faga baixa-lo seu promedio e a de Cantabria, que o exercicio 1996 fose desastroso. Resulta improbable. Iso significa que os 150.000 millóns de pesetas recibidos por Valencia no período 1993-1999, se reducirán arredor da metade no paquete 2000-2006. Precísalo non é posible aínda.

A Comisión propón un *phasing out* ou redución paulatina, non súbita, das axudas ós que sobreparen o límite que permite beneficiarse do obxectivo 1, e a súa automática acollida ó obxectivo 2. Este subvencionará as rexións en declive industrial (10% da poboación da UE) ou rural (5%), as cidades con exclusión social (2%) e as zonas de reconversión pesqueira (1%), reducindo a poboación beneficiaria, que hoxe acada o 27% do total da UE.

A gradación que se propón é de dous anos (2000 e 2001) coa mesma cantidade do obxectivo 1; dous anos de descenso ate o nivel do obxectivo 2 (2000 e 2003); dous anos deste último (2004 e 2005) e un sétimo ano (2006) de posible prórroga. A grande incógnita que non desvela a Comisión é canto ponderará o desemprego para outorga-las axudas deste capítulo. En todo caso será máis que ata o de agora, o que en principio debería beneficiar a España e a Alemaña (do leste). Os países que se benefician do segundo obxectivo e non do primeiro, como o Reino Unido, Holanda e Suecia, están presionando en Bruxelas para que o texto final os favoreza ó máximo.

La Voz de Galicia

14-X-1997

O Goberno teme que os fondos de cohesión non sobrevivian na terceira fase da Unión Monetaria

SOAMENTE GALICIA, ANDALUCÍA E ESTREMADURA SERAN REXIÓNS «OBXECTIVO 1» NO ANO 2006

O presidente da Comisión de Política Rexional do Parlamento Europeo, Miguel Arias Cañete, dixo onte no Senado que a partir do ano 2006, coa actual medra orzamentaria, soamente tres comunidades autónomas (Galicia, Andalucía e Extremadura) permanecerán dentro do chamado obxectivo 1 dos fondos estruturais da Unión Europea (UE). Na actualidade son dez as autonomías que teñen esta consideración, que lles permite acceder ás axudas máis importantes de Europa para o desenvolvemento rexional.

MADRID
EFE

Arias Cañete, que compareceu diante da Comisión das Comunidades Autónomas do Senado, dixo que na batalla polos fondos de cohesión, España «soamente ten un aliado que é Portugal» e resaltou que «hai graves dificultades» para que subsistan na terceira fase da Unión Económica.

Tamén sinalou que «ninguén cre que a primeira ampliación da UE sexa antes do 2003» e que a partir de 2007 «a solidariedade europea dedicárase a outras rexións» se non se traballa adecuadamente.

Cañete destacou que «as rexións ultraperiféricas» (Canarias) quedan equiparadas ó obxectivo 1 «á marxe da súa renda xeral». Dez comunidades españolas (ademais das cidades de Ceuta e Melilla) teñen esta cualificación: Galicia, Andalucía, Asturias, Canarias, Cantabria, Castela-A Mancha, Castela e León, Valencia, Extremadura e Murcia.

A principios de 1998 saberase, segundo fontes comunitarias, que rexións europeas deixarán de pertencer a este grupo por melloraren o seu nivel de renda, xa que para percibir estas axudas o

PIB por habitante ten que ser igual ou inferior ó 75% da media da UE.

O presidente da Comisión de Política Rexional do Parlamento Europeo dixo que Valencia, Cantabria, Asturias e Castela e León, están «entre o 74 e o 75%». Engadiu que «hai que garantir que as rexións que se posicionan no obxectivo 1 teñan un período trnsitorio e poidan figurar no obxectivo 2, para o que España ten «aliados en Irlanda e Portugal». Para España, segundo Arias Cañete, «o obxectivo 1 é máis importante cós fondos de cohesión».

La Voz de Galicia

27-I-1998

O SLG afirma que os argumentos do aceite valen tamén para o sector leiteiro

OFENSIVA DE ESPAÑA NA U. E. EN DEFENSA DOS OLIVAREIROS

BRUXELAS. F.S.G.
Corresponsal de *La Voz de Galicia*.

O ministro de Asuntos Exteriores español, Abel Matutes, chegou onte a Bruxelas, e o primeiro que fixo foi aconsellar ó comisario de Agricultura Franz Fischler, que reflexione antes de elevar a oficial a súa proposta de reforma da Organización Común de Mercado (OCM) do aceite de oliva.

No consello de Asuntos Xerais (do que forman parte os titulares de Asuntos Exteriores dos Quince celebrado onte, tamén se falou das olivas. É máis, Abel Matutes mesmo departiu sobre o asunto co presidente da Comisión Jacques Santer, quen xa anunciou que mediará para que se suavice o documento.

Parellamente dende Madrid, os responsables de Agricultura e Traballo Loyola de Palacio e Javier Arenas, incrementarán a presión sobre Fischler. Arenas pretendía viaxar ata Bruxelas para entrevistarse co comisario de Asuntos Sociais, Padarig Flynn, pero o irlandés estaba de viaxe. E de Palacio ameazaba con volver a encabeza-las mobilizacións da oliveira.

A reforma que pretende Fischler, que consiste en subvencionar árbores en vez de produción, podería supoñer-la perda de 35 millóns de xornais no campo andaluz, España é o primeiro produtor da UE, pero non controla o mercado debido a que nos últimos anos empresas italianas adquiriron as principais firmas do sector. Segundo Bruxelas, máis dun tercio do aceite español é comercializado coma se fora transalpino.

Mentres, dende o gabinete de Fischler precisaron que «o proxecto de reforma que se difundiu é un borrador». O texto nen sequera foi debatido polos comisarios e «aínda está suxeito a modificacións», subliñou o voceiro. «A reacción é desproporcionada porque o proxecto debe ser debatido no colexio de comisarios e no Consello», engadiu.

Por outra banda, Lidia Senra, secretaria xeral do SLG (Sindicato Labrego Galego), sinalou nun comunicado que argumentos que se están a empregar para a defensa do aceite serven contra a supertaxa láctea. Senra referiuse ó que Matutes dixo sobre que na proposta da reforma do aceite Fischler estaba incumprindo normas non escritas da UE, que impiden legislar sen ter en conta os intereses do país afectado.

La Voz de Galicia

28/03/98

As axudas por vaca penalizan ós gandeiros galegos con 6.000 pesetas

A REFORMA LÁCTEA DE FISCHLER BENEFICIA A CENTROEUROPA

O proxecto de reforma da organización común de mercado (OCM) do leite da Comisión Europea non só desatende o aumento de cota que precisa Galicia -350.000 toneladas segundo a Xunta-, senón que favorece ademais as explotacións centroeuropeas. A nova axuda por res que pro-

pón o comisario Fischler calculouse pola produción media anual das vacas europeas, que é de 5.800 quilos. A UE concederá 24.360 pesetas ó ano por cada unha, pero os gandeiros galegos percibirán só 18.075 pois as súas vacas producen menos.

La Voz de Galicia

31-III-1998

BRUXELAS PRIMA A AGRICULTURA INDUSTRIAL, ACUSA O S.L.G.

Un estudio realizado polo Sindicato Labrego Galego (SLG) conclúe que o documento presentado polo comisario Fischler favorece a agricultura industrial e os intereses dos países excedentarios, que verán consolidada a súa produción e maiores axudas públicas, mentres apartaría do mercado á maioría dos gandeiros galegos. O SLG convocará mobilizacións se non se modifica a proposta de reforma da Unión Europea que van discuti-los Quince.

As explotacións galegas de carne percibirán segundo o texto de Fischler, un promedio de 150.000 pesetas ó ano en compensacións, fronte ás 950.000 de media da UE. As lácteas recibirán 220.000 fronte ás 950.000 europeas.

Ademais, as explotacións de leite da UE só terían restriccións nas axudas públicas a partir de 17 millóns de pesetas anuais. Esta cifra é «unha broma», pois as maiores produtoras galegas, cunha cota de 800.000 quilos/ano (a media é de 35.000) recibirá seis millóns.

Aplicar esta política ata o 2006 impediría o desenvolvemento das explotacións galegas que, cando desaparezan as cotas, estarán «fóra de xogo» fronte ós dereitos consolidados doutros países.

Lidia Senra e Xosé Manuel Puga pediron que España asuma este problema como asunto de Estado e defenda os intereses dos produtores galegos.

46

Unha vez que realizámo-lo traballo individual, ímonos reunir en equipo e cada portavoz anotará as conclusións do informe, para debatelas entre os membros do equipo e despois lerlle as conclusións ó conxunto da clase.

47 Síntese final individual



Ó longo desta unidade didáctica traballámo-la evolución político-administrativa do Estado Español, antes e despois da Constitución de 1978. Tamén nos interesamos por outras organizacións do espacio. Por último, analizámo-la integración de España noutras áreas xeográficas superiores.

Todo este estudio permitiunos coñece-la evolución dos procesos espaciais. Cada día aparecen noticias novas verbo destes temas, dado que é unha evolución que aínda non rematou. Se ti queres, poderás seguir estudiando este proceso, pois xa coñeces un método para facelo.

Para rematar esta unidade, debes realizar unha síntese final onde recollas todo o que xa sabes e reflexiónes sobre a cuestión:

¿Cal será o papel de España no futuro da U.E.?

ISBN 84-8352-689-9



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Política Lingüística

Subvencionado pola Xunta de Galicia,
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Dirección Xeral de Política Lingüística.

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA

